

Oleiros na Magdalena

Unha pequena colonia de Buño en Betanzos

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

A presenza de un grupo de familias oleiras de profesión procedentes de Buño, un dos principais centros alfareiros de Galiza, a partir da segunda década do século XIX, e asentadas no arrabalde da Magdalena por varias xeracións, permítenos falar dunha «colonia» de Buño en Betanzos.

Abstract

The presence of a group of professional potter families from Buño, one of the main pottery centers in Galiza, from the second decade of the 19th century, settled in the suburbs of Magdalena for several generations, that allows us to talk about a Buño colony in Betanzos.

I. O arrabalde da Magdalena

O arrabalde da Magdalena, extramuros da cidade de Betanzos, ten a súa orixe no hospital de lazarados que se instala na baixa idade media no lugar da Condomiña¹. Pertencía á freguesía de San Pedro das Viñas, anexa a Santa María do Azougue na cidade, aínda que a comezos do século XVII o visitador Del Hoyo (s.d.: 265) xa dicía que «No hay Sanctísimo Sacramento ni pila baptismal», polo que os sacramentos realizábanse na citada do Azougue. Ademais, nese intre, estaba case deshabitada, pois «Esta felegresia solía tener tres feligreses y murieron con la peste los dos y quedó solo uno». Co tempo a vella igrexa parroquial, abandonada do culto, remataría por desaparecer, ao que axudaría igualmente a construción un pouco máis arriba, tamén á beira do camiño real, do santuario da Angustia comezado arredor de 1750.

A lepra, era coñecida como o «mal de San Lázaro», daí o de Lazarados ou Lazaretos. Tamén nomeada como elefancia ou elefantíase. O temor ao seu contaxio provocaba que as persoas que a sufrían eran obrigadas a abandonar a cidade e confinarse nunha zona apartada da mesma. Esta, co tempo, foise organizando á beira do camiño real que pasaba pola Condomiña, saíndo de Betanzos en dirección á Coruña. Alí, no camiño infesto («cuesta de las limosnas») os lazarados, homes e mulleres, pedían esmola á porta das casetas adosadas unhas a outras que se foran construíndo para acollelos ou ben colocaban boetas á porta. Vivían das esmolos dos transeúntes e viaxeiros e tamén de bens e pensións que doaban persoas con recursos (Ares, 1983). Mesmo algúns cabaleiros deixaban mandas testamentarias a favor deles, tal como fixo o veciño de San Xoán de Vilamourel, Lopo Núñez Pardo en 1452, a data máis antiga documentada: «...et mando a os lazarados da Madanela a cada huna huna branca de de pan et un maravedí de vino, e a toudos huna perna de baca.» (Pardo de Guevara, 1986: 26).

Esta orde de San Lázaro, comunidade formada polos homes e mulleres lazarados que eran forzados a aillarse da cidade, contaba cun maiordomo, un “chaveiro” e un xuíz nomeado pola Xustiza e Rexemento da cidade (Ares, 1986).

*Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de varios libros e numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados no Anuario Brigantino dende 1983.

Este especial hospital aberto de lazarados, ademais de administración e dirección propias, dispuña dalgúns terreos de cultivo, viñedos e lagar –existente ata hai pouco–, unha capela e incluso un cemiterio de seu nun terreo colindante co camiño, do que só fica memoria. Por certo, no cemiterio xuntábase a comunidade para reunirse e decidir. (Ares, 1983 e 1986).

Pese a ese distanciamento coa cidade e o medo que producía unha enfermidade infecciosa como a lepra, dende moi antigo celebrouse no barrio da Magdalena unha festa arredor da capela dos lazarados, sendo as noticias máis antigas dela a celebrada o ano 1551 (Fernández, Veiga, 1992). Festa con presenza de veciños da cidade e contorna, que sequer esporádica e anualmente acodían á celebración do San Lázaro o luns de Pascua. No cancionero popular ficou o dito desta querencia por acodir da xente de Betanzos:

Se á Magdalena non vou, meu amor,
en todo o ano non fago labor.

Co tempo e coa redución da enfermidade, estas casetas adosadas pasaron a ser habitadas por familias que chegaban ao arrabalde. Probablemente serían ampliadas porta e xanelas e engadíndolles un sobrado, e algunhas mesmo un balcón traseiro con vistas a Betanzos, ata chegar a un estado parecido ao que conservan actualmente as da costa da Condomiña, nas que a maioría teñen unhas dimensións reducidas moi similares.



Imaxe 1. F. J. Martínez Santiso, 1901, AMB.


Nesta imaxe extraída dunha panorámica xeral de Betanzos, vemos parte do arrabalde da Magdalena como fondo da mesma, destacando a sinuosa estrada da Coruña.

No interrogatorio para a Única contribución do ano 1761 (PARES) recóllese o seguinte en relación co hospital: «A la pregunta treinta dixeron qe. en dha. fr^a. hai un Ospital en donde se rrecoxen los Pobres de San Lazaro». E «A la pregunta treinta y seis digeron que en dha. fr^a. hai dos Pobres que se rrecoxen en el Ospital de san Lazaro».

En 1798 prodúcese a reedificación da capela, trasladada agora dende o medio da costa da Condomiña (Veiga, Sobrino, 2009: 266), por mor do cambio do novo camiño que deixaba o anterior sen transeúntes, para a praciña que quedaba na parte baixa á beira do novo camiño real e próxima ao principio da ponte Nova, moito máis longa que a actual a causa do antigo cauce da ría. Rematáronse as obras en agosto de 1799. A capela contaba cunha habitación para o capelán. Dedicada a Santa María Magdalena, vai rematar dando nome ao arrabalde (Carro, Fernández, García, 1987).



Imaxe 2. F. J. Martínez Santiso, 1900, AMB.
Vista xeral de Betanzos en pleamar tomada dende a Magdalena, coas primeiras casas do arrabalde e o pequeno embarcadiro na parte inferior dereita.



Imaxe 3. Betanzos no mapa de Francisco Coello, 1865.
Á esquerda o arrabalde da Magdalena.

A finais do século XVIII, á par que a comunidade de lazarados descende notablemente ata case desaparecer, comeza a producirse un cambio significativo nesa contorna co proceso de industrialización que se vai dar coa instalación dunha tenería ou fábrica de curtume na Magdalena, creada polo nedense Baltasar Rodríguez. Esta pasaría a Santiago Cadenas e C.^{ia}, que tamén rexentaban alí unha «fábrica de cremor», e en 1840 a Domingo Etcheverría, de orixe vasco-francés, quen lle daría notable impulso, permanecendo nesta familia ata o seu peche en 1925, derradeiro ano que aparece cotizando (AMB, c. 1749). As instalacións da fábrica serían utilizadas brevemente como campo de prisioneiros de guerra republicanos, e logo abandonadas ata chegar ao estado actual de ruína na man da mesma familia propietaria (De la Fuente, 2004). No sitio do Carregal, inmediato á Magdalena, instalaba outra fábrica de curtume en 1799 Francisco San Martín Muro, situada «en el junco del Carregal», que pasaría despois por varias sociedades e, finalmente, á familia Lissarrague (Mejjide, 1986).



Imaxe 4. Foto do autor XTR, 1990. Praciña da Magdalena coa casa de balcón vermella desaparecida e o ramallo de loureiro anunciando o viño do Polín. Ao fondo, as casas da Condomiña, algunhas xa desaparecidas.

Ademais, a desamortización de bens vencellados a ordes relixiosas provocará a venda a particulares, a partir de 1835, das propiedades da Orde de San Lázaro que pasaron en boa parte á familia Etcheverría (incluída a capela) e outras familias poderentes. Así, dun total de sesenta e cinco casas rexistradas en 1927 no barrio da Magdalena, a metade delas, trinta e tres!, eran propiedade da familia Etcheverría; sete pertencían á señora Clotilde de la Maza y Agar, veciña de Santiago e emparentada coa Condesa de Taboada, propietaria de outra, e outras sete a José Germade Alonso, de Santiago, e catro a Rodrigo Cabanas Roca, de Aranga (Arquivo Municipal de Betanzos –en adiante AMB–, libro 1819).

As antigas casetas que habitaban os lazarados pasaron a ser morada de familias humildes, baixo renda pagada aos novos propietarios. As súas dimensións, especialmente as do camiño da Condomiña, eran moi reducidas. A maioría non pasaban dos 50 m², indo dende os 20 ou vintetantos aos 49 m². Algunhas mesmo conservaron ata época relativamente recente o piso de terra. E algunhas tiñan unha pequena traseira con horta, mentres que outras carecían dela.

II. Buño, centro alfareiro

A freguesía de Santo Estevo de Buño sitúase na bisbarra de Bergantiños a pouca distancia da costa e do porto de Malpica. No Antigo Réxime pertencía á xurisdición de Mens, do señorío do Conde de Altamira e á provincia de Santiago. Jerónimo del Hoyo (s.d.) nas súas «Memorias» do Arcebispado de Santiago atribúelle vintedous fregueses (é dicir, perto dun cento de habitantes) a comezos do século XVII. Dous séculos despois, a comezos do século XIX, durante a primeira etapa constitucional (anos 1812-1823) Buño foi concello propio, formando parte co de Malpica do partido xudicial de Sísamo². Coa nova división provincial, ambos concellos pasan a pertencer á provincia da Coruña, que se amplía coa supresión das de Santiago e Betanzos. En 1835, nunha reordenación dos concellos, suprímese o concello de Buño, e mantense, aumentado, o concello de Malpica, que inclúe a parroquia de Buño. Esta tiña nese momento 156 veciños e 600 almas (Fariña, 1993).

Uns dez anos despois a freguesía de Buño aparece así descrita no Diccionario de Pascual Madoz (1846):

BUÑO (SAN ESTEBAN DE): felig. En la prov. de la Coruña (6 1/2 leg.), dióc. De Santiago (7 3/4), part. jud. de Carballo (1 1/2), y ayunt. de Malpica (1); srr. en el terr. de la ant. Jurisd. de Mens; CLIMA templado y sano; tiene unas 160 CASAS distribuidas en las ald. de Buño, Costa, Fonte, Lage y Rueiro, y una igl. parroq. (San Esteban), del arciprestazgo de Seaya. Su TERM. confina con el de Sta. María de Leiloyo, San Julián de Langueirón y San Juan de Jornes; no escasea de aguas, y su TERRENO, en lo general llano, es de mediana calidad; el CORREO se recibe por la cap. del part. PROD.: algunos cereales, patatas, frutos y legumbres; cría poco ganado, y su principal IND. consiste en alfarerías, cuyo prod. se consume dentro y fuera de aquel país. POBL.: 156 vec., 620 alm. CONTR.: con su ayunt. (V.)

A razón desa industria principal viña de antigo e baseábase na existencia de importantes barreiras, como rexistraba o xeólogo Schulz (1835: 36), estudoso das terras galegas no primeiro terzo do século XIX: «Otras arcillas menos puras pero refractarias se hallan en el Buño en Bergantiños».



Imaxe 5. Fotografía extraída de https://gl.wikipedia.org/wiki/Bu%C3%B1o,_Malpica_de_Berganti%C3%B1os?uselang=es (Consulta 13-05-2022) con este pé: «Mulleres carretando o traballo dos oleiros (c. 1915)».

A alfarería de Buño, «de una gran antigüedad y caracterizada por su primitivismo [...] mantenida por la fuerza tradicional del oficio, la vocación y el sentido utilitario» (GEG, 1975: 77), emprega o torno rápido, impulsado polo pé.

Lucas Labrada na súa *Descripción económica de Galicia*, publicada en Ferrol en 1804 e que recopila datos de finais do século XVIII, reférese nunha relación do ano 1797 unicamente a un total de 14 fabricantes de louza, repartidos en 6 mestres e 8 oficiais, sen ningún aprendiz, cantidade ben reducida para todo o país galego. Con respecto a Buño, facía constar que a louza das parroquias de Buño e Leiloio concorria aos mercados semanais da Coruña e, seguramente tamén, á feira anual de decembro que duraba unha ducia de días. Probablemente, tamén se comercializaba nas feiras da comarca de Bergantiños máis próximas a Buño, que cita, como eran as de Paiosaco, Rus e Verdillo, que se celebraban o primeiro, segundo e cuarto domingo do mes, respectivamente, aínda que nestes casos Labrada non nomea a louza.



Imaxe 6. ACG, revista mensual ilustrada del Aero-Club de Galicia, n.º 106, 1-03-1939.
Fotografía que aparece na reportaxe «Las ferias gallegas siguen abastecidas»,
co pé «Un puesto del célebre “barro de Buño”».

A comezos do século XX, Alfredo García Ramos (1912: 180) facía referencia á fabricación e uso de pezas da vaixela de uso cotiá en varios lugares de Galicia, incluíndo Buño:

También está extendida la fabricación de platos, fuentes y tazas de madera, vajilla estimada por el labrador, sobre todo para el uso de la gente menuda, aunque también consume la de barro vidriado, que se confecciona en Buño, Ortigueira, en la provincia de La Coruña, en varios puntos de la de Lugo, en Lobios, Lañoa, Las Olas y otros en la provincia de Orense.

Tettamancy (1900) aludía tamén á importancia da produción oleira de Buño no pasado dentro do conxunto de Galicia:

Las fábricas de loza también tenían un mediano desarrollo en Galicia; contaba esta región con 167, su inmensa mayoría de barro ordinario y vidriado; en el año 1720 tenía San Esteban de Buño (Malpica), dos de loza ordinaria. En esta industria sigue hoy la tradición este pueblo. Se fundían 150.000 piezas diarias en toda Galicia.

Mesmo o célebre Picadillo dicía no seu clásico manual *La cocina práctica* (1981: 22) que «El verdadero caldo gallego se toma en cunca de barro de Buño con cuchara de paupau». Na segunda década do século XX, Carré Aldao na súa descrición de Buño continuaba sinalando a alfarería como a actividade máis destacada da freguesía, ao tempo que aventuraba algunha hipótese sobre a súa morfoloxía: «La principal industria es la alfarería, distinguiéndose por predominar en las formas la antigua céltica, al contrario de Lugo, donde prevalece la romana».

Luciano García Alén (1992: 21), gran estudoso da olaría galega, escribiu referíndose a Buño:



Imaxe 7. Foto J. M. Domínguez, Gran Enciclopedia Gallega t. IV, p. 76. Recuncho de Buño.

A primeira vez que cheguei a Buño comprobei que seguía sendo unha “ringleira de casas castañas e brancas, a ambas beiras da estrada e coa igrexa de San Estevo polo medio”, case igual a como o describía o inglés Aubrey Bell en 1922. A razón principal da existencia de Buño e a súa importancia como pobo oleiro do litoral débese a que por baixo das xunqueiras –ténhase en conta que “buño” equivale a dicir “xunco”–, o seu sochán é abundante en variados barros, todos de boa calidade. Despois viñeron os “xalleiros”, arrieiros da comarca do Xallas, que comercializaron a louza que fabricaban os oleiros por toda a área occidental de Galicia, desde Ordes a Pontevedra.

Os xalleiros e as mulleres que os acompañaban, adubiasdas con refaixos amarelos, chegaban os mércores e Buño convertíase nunha festa. Na praza do lugar, presidida por un esteo de pedra coroado na modernidade por un porrón, facíase o mercado das olas entre oleiros e xalleiros. O barullo que producían atroaba boa parte da noite. Pola mañanciña do seguinte día os xalleiros marchaban coa louza en esteiróns de esparto ou empaketada en fardos sobre as bestas.

Tamén, segundo o mesmo autor, polos portos de Malpica, Ponteceso ou Corme comercializábase a louza de Buño en diversos lugares da costa, comercio que abranguíña dende o litoral norte de Portugal ata Asturias.

Sobre os fornos de Buño e o proceso da cocedura dinos García Alén (1992: 22):

Xa se perderon para sempre os vellos fornos comunitarios, substituídos por moderna tecnoloxía de enerxía eléctrica e de propano. Pero esta cocción de agora non pode ofrecer a tonalidade propia das pezas cocidas en fornos de leña. Nas miñas viaxes a Buño aínda cheguei a ver en produción os fornos da Costa, o de Lucha, o do Forte e os dos Mouróns. Aquela cocción era moita cousa, de principio a fin. Os primeiros fumes con toxo debían facerse paseniñamente. A muller que facía os primeiros toxos era coñecida como a “fumeira” e, sabedora da importancia do seu traballo e da súa arte, mantiña unha dignidade e unha compostura propia dunha deusa. Rematada a cocción, xa chegada a noite celebrábase o bo final da enfornadura. Era unha gran festa, a “carroa”, na que participaban tódolos que traballaran coas olas, con comida e viño en abundancia (...).

No Inventario do Patrimonio Histórico Artístico de 1991 recóllense seis fornos en Buño, dous máis dos que coñecera García Alén aínda en produción: Forno dos Mourós, forno de Lucha, forno O novo, Forno cerca do cruceiro, forno da Costa e forno do Forte. A finais da década dos noventa o conxunto do Forno Novo, abandonado, foi adquirido pola Deputación provincial da Coruña, procedendo á súa restauración e musealización, publicándose un catálogo sobre o mesmo (VV.AA., 1999). Nos últimos anos rehabilitáronse tamén o da Costa e o dos Mourós.

O cancionero popular recolle esta dedicación facendo fincapé na excepción:

Aínda que somos de Buño,
Non somos todos oleiros,
Tamén en terra de Noia
Non son todos zapateiros.

No cancionero popular (Anónimo, 1912) non sae moi ben parado o oficio de oleiro. A mociña non quere home desa profesión:

Sei total-a pandeirota
Có a man e mais có o puño;
Non me case, miña nai,
Con oleiriño de Buño.

E o mesmo oleiro renega do seu oficio:

Non quero vivir en Buño,
Non quero facer mais olas,
Quero vivir en Barizo
Que é a terra das cebolas.³

Cebolas que tamén están no cancionero vencelladas a Betanzos. E aquí virían a parar moitos buñeses, mais non a cultivar cebolas senón a seguir facendo olas e outras pezas.

O oficio, transmitido de pais a fillos, xerou auténticas dinastías de familias oleiras. Temos rexistros de dez familias procedentes de Buño, das que algunhas rematarían emparentando: Añón, Caamaño, Casal, Ceán, Gorín, Mourón, Pereira, Pose, Torrado e Varela. Eis polo que podemos falar dunha colonia de Buño asentada no barrio da Magdalena en Betanzos. Aparte deles, houbo unha familia oleira destacada que non procedía de Buño ou doutra parroquia próxima a esta: Trátase da familia Belón ou Velón, da que o primeiro rexistrado chegaría do Bierzo en 1827.

Nunha relación de oleiros de Buño en activo pouco antes do ano 2000 (Pose, Varela, c. 1998) figuran os seguintes apelidos, moitos deles emparentados entre si: Añón Añón, Añón Caamaño, Añón Lista, Añón Rey, Añón Souto, Caamaño Añón, Caamaño Martínez, Caamaño Torrado, Cambón Cambre, Corral Rodríguez, Faya Puñal, Gómez Caamaño, Gorín Veiga, Labrador Fariña, Lema, Mourón Bouzas, Nieto Añón, Nieto Carril, Pereira Rodríguez, Regueira Ordóñez e Vidal Gorín.

Destes apelidos de oleiros de Buño relativamente actuais, seis deles estiveron afincados en Betanzos no barrio da Magdalena como alfareiros: Añón, Pereira, Gorín, Mourón, Caamaño e Torrado. Ademais habería que sumar outros apelidos que non figuran nesa relación buñense recente e que tamén estiveron na Magdalena procedentes de Buño: Posse, De la Fuente, Ceán, Calvete, do Casal, Calviño... Xa o estudoso García Alén (II, 1983: 118) apuntou que «Sorprende la cuantía de esta emigración de alfareiros de Buño» ao tratar da alfarería betanceira. Emigración que se produce en épocas de crise en Buño por exceso de man de obra. Curiosamente, unha peza das que se fabricaban en Buño entre 1700 e 1900 (a chamada «serie antiga» polos estudosos), chámase Pucheiro Betanceiro.



Imaxe 8. O «pucheiro betanceiro» no catálogo Olaría de Buño (1998, aprox.), entre as formas dos anos 1700 e 1900.

Durante xeracións as familias buñenses afincadas na Magdalena non perderon a relación coa familia de orixe. Nalgunhas houbo deslocamentos e regresos. Outras enviaban fillos menores a Buño xunto de familiares maiores para axudar e aprender o oficio. Unha descendente de oleiros procedentes de Buño comentoume que os antepasados seus asistían a enterros de familiares de aló. Hai tamén familiares de Buño que veñen vivir temporalmente con parentes afincados en Betanzos, quizá porque esta cidade ofrecíalles mellores posibilidades para subsistir traballando noutros oficios. Tamén se dan casos nos que a familia betanceira ofrecía acobillo para superar situacións complicadas: algunhas mozas solteiras viñeron parir á Magdalena xunto de parentes oriundos de Buño.

III. Oleiros na Magdalena

A documentación máis antiga sobre a fabricación de alfarería en Betanzos lévanos a comezos do século XVII e deuna a coñecer o actual cronista oficial da cidade, Núñez-Varela Lendoiro (2004), quen publicou un contrato asinado o 6 de agosto de 1618, «con seguras miras en las fiestas cercanas de Santa María y San Roque, sin olvidar las ferias y mercados y la misma Feria Franca de noviembre», entre Antonio Fernandez e Bartolomé Rico. Portugués, de Lisboa, o primeiro e tecelán e veciño de Betanzos o segundo. O contrato, por tempo e espazo de cinco meses, formalízase na freguesía de Bravío, o que pode indicar que mesmo puido ser no mesmo Campo da feira, a onde

chegaba dita freguesía, diante o escribano Pedro Fernández Carreira, e recolle que o citado Antonio Fernández «a de serbir el oficio de Oleiro y trabajar y azer obra de barro y coserla hen el orno del campo de la feria de la ciudad de Betanzos».

No documento especificase tamén o tipo de pezas e o número delas a realizar diariamente: *Cántaros, serbiçios, xarras, xarros, orinales, casolas, barrenos, petos, braseiros, girasoles, botes para botica* e algunha outra peza que poidese xurdir. Redactado, como era habitual nesa época, en castelán, mantén sen embargo o nome do oficio en galego (Oleiro), así como o dalgúns cacharros citados.

No interrogatorio da «Única contribución» de 1761 non consta na freguesía de San Pedro das Viñas, e polo tanto tampouco na Magdalena, ningún oleiro de oficio pois todos os veciños figuran como labradores a non ser un ferreiro.

A falta de datos para o século XVIII, atopamos xa a partir do primeiro terzo do XIX constante información sobre oleiros e cacharreiros betanceiros, domiciliados na inmensa maioría nun especial barrio de Betanzos: a Magdalena.

Así, no imposto industrial do ano 1828, baixo o epígrafe «Barro de Buño» (en realidade pon Bruño) figuran sete persoas: José Lugués, José Fuentes, Bernardo Frago, Bernardo Dierman, Francisco Dierman «el viexo», Bernardo Pose e Juan Mourón. Todos cotizan un real, agás Frago que cotiza medio real. Co epígrafe «Idem [Barro] de Lugo» aparece Josefa «y todas sus compañeras». E co epígrafe «Idem de la Magdalena» aparecen Francisco Rama e Juan Antonio do Casal, tamén cotizando un real (AMB, c. 1705).

Ao ano seguinte, baixo o epígrafe «Barro de Buño» figuran nove persoas e uns indeterminados «compañeros de Lugo»: son os mesmos anteriores (agás Francisco Dierman «el viexo»), Josefa la grande «y sus compañeros de Lugo», e Francisco Rama «de la Madlegna» (sic, Magdalena) e Francisco Antonio Casal Grilo (o mesmo ou outro familiar nomeado no anterior Juan Antonio) tamén da Magdalena. Todos, englobados agora baixo o único epígrafe «Barro de Buño», cotizan 1 real, agás Josefa la grande e compañeiras que cotizan 2 (AMB, c. 1741). A presenza de xente de Lugo, ben como alfareiros ou cacharreiros vendedores, parece indicar que o epígrafe «Barro de Buño» era xenérico para un tipo de alfarería tradicional que, neses casos podía encobrir a procedencia de centros oleiros como Bonxe e outros puntos da Terra Cha, que sabemos acudían ás feiras de Betanzos.

No imposto industrial do ano 1830 figuran no apartado titulado «Barro de Buño» once persoas máis as indeterminadas «compañeras» xa citadas: Son Felipe Pereira, Bernardo Calbo, José Pose, Antonio Pereira, José Lugués, Bernardo Añón de la Magdalena, José Fuentes, Bernardo Frago, Juan Mourón de la Magdalena, Josefa la Grande y Comp.^{as}, e «El hierno del Grilo de la Magdalena». Mantéñense seis, incluídos Josefa la Grande y Comp.^{as} e Rama, e aparecen novos apelidos (Pereira, Calbo, Añón) mentres que o Pose cambia de nome (outro membro da familia) e desaparecen os Dierman (que entendemos debe ser «de Armán», apelido tamén localizado en oleiros de Buño) e o Casal Grilo. Todos teñen ao seu carón a anotación 01, agás Josefa la Grande y Comp.^{as} que ten a anotación 02. Destas once persoas, tres aparecen sinaladas co indicativo «de la Magdalena». Debemos entender logo que os outros non residían alí? (AMB, c. 1705).

Sen embargo, en anos sucesivos non figura nin o apartado «Barro de Buño» nin sequer ningún alfareiro, nin nas «matrículas de subsidio industrial y de comercio» nin nos «expedientes de contribución industrial y de comercio».



Imaxe 9. AMB, c. 1741. Listado de persoas que cotizan por «Barro de Buño» nun documento de 1830.

En 1839 temos noticia da existencia dunha fábrica ou obradoiro de alfarería no barrio da Magdalena. Nese ano dátase o último caso de lepra en Betanzos. Unha muller é obrigada a recluírse na Magdalena. Autorízasele «a mendigar en la puerta de la casa que se le destina, en la capilla de la Magdalena, o junto a la muralla que cierra la fábrica de Barro de la pertenencia de los herederos del Sr. Roldán.» (Fernández, 1997: 63). Isto implica a presenza de traballadores oleiros e quizá a chegada para traballar nela dos primeiros oleiros procedentes de Buño asentados na Magdalena.

No padrón dese ano figura, ademais dos xa citados, unha muller, Josefa (?) Suárez, de 26 anos, solteira, como «alfarera», e Francisco Rama, de Buño, de 34 anos, casado con María Díaz, tamén como «Alfarero». Descoñecemos o apelido paterno de Josefa; o materno é Suárez, da súa nai viúva.

No padrón de habitantes de 1847 (AMB, c. 220) aparecen os seguintes veciños da Magdalena co oficio de «Alfarería»: Bernardo Añón (52 anos), Bernardo Ceán (36 anos), Antonio Pereira (35 anos), José Pose (19 anos) e Antonio Torrado (32 anos). Todos eles son nativos da freguesía de San Estevo de Buño. E ao ano seguinte rexístrase o falecemento na Magdalena do tamén alfareiro Juan Antonio Beyra, de 73 anos, aínda que este é natural da parroquia viciña de Porzomillos, que non vimos no citado padrón anterior.

Na matrícula de subsidio industrial do ano 1855 figuran «Anto Pereira y la viuda de Andrés Belón» que cotizan por unha fábrica ou obradoiro de «Basigería y cacharrería con un horno». A viúva de Andrés Belón ou Velón, que falece en 1851, é María Núñez

Castro. Segundo isto, o buñés Antonio Pereira estaría asociado co berciano Andrés Velón nun obradoiro con forno, no que probablemente traballarían outros cacharreiros como operarios.

A esta fábrica reférese a «Matrícula...» do ano 1849, sen citar o propietario ou propietarios: «Fábrica de basijería y Cacharrería» pola que cotiza «El dueño deella» (AMB, c. 1742).

Ao igual que ocorre coas fábricas de curtidos que existen nestes anos, que ás veces non aparecen cotizando por ter paralizada a produción, entendemos que o obradoiro de cacharrería tamén pasaría por épocas de parón ao existir abondas reservar sen vender. No padrón de 1857 (AMB, c. 225), figuran tamén cinco alfareiros, mais xa non son os cinco da década anterior, senón outros novos: José Mourón Amarelle, Manuel Caamaño, José Añón Varela (34 anos), Antonio Mourón (38 anos) e Manuel Varela (40 anos). Neste caso non consta a orixe, aínda que sabemos por documentos posteriores que todos eles son nativos de Buño.

Porén, na matrícula de subsidio industrial dese mesmo ano unicamente son tres os que cotizan por «cacharrero o barro ordinario», os tres na Magdalena: Manuel Varela, José Añón e Manuel Caamaño. (AMB, c. 1742). Os dous Mourón non figuran como cotizantes. Mais noutra relación do mesmo ano aparecen catro mulleres en calidade de «cacharrera de barro ordinario», probablemente vendedoras, todas veciñas da Magdalena (consta erroneamente como «Madegna») e cotizando por «todo el año»: Josefa Pereira, Dominga Martínez, Ramona Viqueira e María Pereyra. A primeira é a muller de Antonio Mourón Amarelle e acaban de chegar de Buño (AMB, c. 1743).

Temos, pois, unha fábrica ou obradoiro de vasixería e cacharrería que produciría pezas quizáis máis elaboradas e oleiros ou cacharreiros por libre que fan pezas de «barro ordinario». Porén parece que había algunha máis como denota un expediente levantado a instancias da administración principal da Facenda pública da provincia coruñesa (AMB, c. 1709).

No ano 1858 esta expedenda e multa por defraudación a tres pequenos comerciantes e tamén a cinco oleiros e propietarios de fornos, todos eles da Magdalena: José Añón, Manuel Varela, Antonio Pereira, Agustín Suárez e María Núñez, «por hallarse ejerciendo su profesion sin hallarse matriculados», impéndolles unha multa de 187 réas a cada un. Informados e notificados, tanto María Núñez como Pereira e Suárez deberon pagar a multa. Este último «sin perjuicio de que pueda reclamar su importe contra Manuel Caamaño y Francisco Naya de dicha de Viñas, a los cuales parece se lo tiene arrendado [...]». Porén, os dous primeiros citados foron notificados o 14 de xuño do ano seguinte e, tras manifestar que non fixeran o pago da cota, recargos e multa por carecer de recursos, procedeuse ao embargo e tasación dos seus ínfimos bens, fixación de editos nos lugares adoitados («uno en la puerta de la Villa, otro en la citada plaza del Campo y el restante en la puerta de la Iglesia del suprimido convento de Santo Domingo.») o día 20 e venda e remate dos mesmos o día 26. O curioso é que tanto os mobeis de Añón (valorados en 17 réas e rematados en 13) como os de Varela (valorados en 13 réas e rematados en 10) foron adxudicados «a Agustín Suarez vecino de la Parroquia de Viñas unico postor que á ellos se presentó», é dicir, ao propietario multado do forno arrendado a Caamaño e Naya. O extremo valeirado das casas dos embargados, carentes de todo tipo de mobeis mínimos no momento do embargo, e a intervención final do veciño Agustín Suárez, induce a pensar en termos de picaresca e mesmo de certa solidariedade veciñal e profesional.⁴

Antonio Pereira e María Núñez, chamados a declarar diante do alcalde constitucional Vázquez Carril días despois, dixeron «que es demasiado publico y notorio que los José Añon y Manuel Caamaño, sus convecinos, no tienen bienes algunos de fortuna, pendiendo unicamente su subsistencia y la de su respectiva familia de lo que ganan por el oficio que egercen tambien de Cacharrería de barro ordinario». É posible que Caamaño apareza erroneamente por Varela, que foi realmente o outro embargado.

Nunha comunicación do alcalde ao administrador xeral de Facenda pública da provincia, datada o 28 de setembro dese ano, a autoridade local apremiada por este, expón que:

No siendo los hornos de cocer barro de la pertenencia de José Añón y Manuel Varela y si de la D. Santiago Cadenas y Vicente Garrot, conoce Vs. que no es posible decretar el embargo de dichas fincas y mucho menos proceder a su venta. Si esto no fuera así ya se hubiera trabado aquel en dichos hornos haciéndose el pago con la venta de los mismos en la parte que alcanzase. (AMB, c. 1709).

En 1860 o arrabalde da Magdalena, marxinal con respecto á cidade, aínda que situado á súa entrada vindo en dirección da Coruña pola estrada a Madrid, albergaba unha humilde poboación ás dúas beiras da estrada e no camiño en costa da Condomiña (antigo camiño real) que sumaba 286 persoas. Contaba na altura con dez familias alfareiras e unha maioría de labregos e xornaleiros, sete calificadas de «pordioseros» (dous deles nativos de Buño) e, ademais dalgúns oficios (costureiras, canteiros, carpinteiros, ferreiro, estanqueira, tendeira...) había tres empregados da tenería ou fábrica de curtume que alí se asentaba, propiedade do veciño máis rico, o industrial Domingo Etcheverría Harriaga, que vivía coa súa numerosa familia na propia fábrica. Das dez familias alfareiras, seis cotizan por «fábrica de vasigería y cacharrería con un horno» con 93,94 réas de vellón: Antonio Pereira, Gregorio Naveira, José Añón, Manuel Varela, e os asociados Manuel Caamaño e Francisco Naya (AMB, c. 227).

No padrón de 1866 aumenta a nómina de cacharreiros da Magdalena a dezanove: José Añón Varela e o seu fillo Manuel Añón Salorio, Antonio Pereira, Antonio Mourón Añón (casado cunha irmá de Pereira), María Núñez e o seu fillo Laureano Belón Núñez, Manuel Pereira Añón (nativo de Buño), Antonia Pose Barallobre (de 20 anos, solteira), Valentín Pose Barallobre (irmán da anterior, de 16 anos), José Calviño Gorín, Francisco Naya Naya, Manuel Caamaño Abelenda (de Buño) e os fillos Antonio (18 anos) e Francisco (14 anos), José Pos [sic, por Pose] López (de Buño), Juan Pereira Mourón (de Buño) e o fillo José Pereira Barbeito (16 anos), Francisco Varela Añón e Antonio Varela Castro. Corresponden a un total de trece familias. Destaca a presenza de dúas mulleres, unha solteira e outra viúva, mostra de que o oficio se transmitía non só de pai a fillo, senón tamén a veces de pai a filla (cando esta era a maior e os varóns aínda moi pequenos) ou de marido a muller. Tamén nese ano figura como «Traficante en cacharros» María Fernández Lodeiro, de 40 anos, viúva con catro fillos entre os 17 e os 2 anos, apelidados Álvarez Fernández.

Nunha relación de veciños da pedanía de San Pedro das Viñas, á que pertencía o barrio da Magdalena, que «ejercen industria, comercio, profesión, arte u oficio, sugetos á la contribución de comercio é industria en el año económico de primero de Julio proximo, á treinta de Junio de mil ochocientos sesenta y siete...» aparecen, dun total de trece veciños cotizantes, sete que teñen «industria» relacionada coa olaría: Antonio Mourón «cacharero», Antonio Pereira «cacharero», José Añón «un horno de cacharrería», José

Apellido	Nombre	Estado	de	de	de
A	Pose	Pose y Fuentes	soltero	casado	de
	Yofra	Caralliba y Pina	soltero	casado	de
	Antonio	Pose y Caralliba	soltero	casado	de
	Valentín	Pose y Caralliba	soltero	casado	de
	Pedro	Pose y Caralliba	soltero	casado	de
	Manuel	Pose y Caralliba	soltero	casado	de
B	Pose	Calviño y Pose	soltero	casado	de
	Manuel	Manzanera y Rodríguez	soltero	casado	de
	Manuel	Manzanera y Calviño	soltero	casado	de
C	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
D	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de
	Manzanera	Manzanera y Naya	soltero	casado	de

Imaxe 10. AMB, c. 227. As familias de oleiros Pose, Calviño, Naya e Caamaño seguidos correlativamente no padrón de 1862. A numeración probablemente non sexa a das casas senón a da orde da relación.

Pereira «cacharrero», Manuel Varela «un horno de cacharrería», María Núñez de Naveira «id.», Teresa Pose y Fuentes «cacharrero». Tres son os que figuran como propietarios ou xentadores de fornos. Destaca a presenza de dúas mulleres, unha delas con forno (AMB, c. 1691). Noutra relación incompleta do período 1867-1868 aparecen só dous dos sete anteriores «cacharreros» cotizando: José Añón e Antonio Mourón. (AMB, c.1709). E noutra do mesmo ano 1867 figuran cotizando «5 escudos 90 milésimas» oito membros do «Gremio de Cacharreros»: Antonio Mourón Añón, Antonio Pereira López, Laureano Velón Núñez, Teresa Pose Fuentes, José Gorín Calbiño, José Pose Torrado, Manuel Pereira Ceán e Pedro Iglesias Mallo (AMB, c.1743). A este último xa non o voltaremos ver. Ao ano seguinte xa non figura Teresa Pose nin Antonio Pereira, incorporándose á lista José Añón. Teresa Pose, xunto con José Pereira, figura nunha relación de «sugetos insolventes para el pago de la cuota». (AMB, c. 1707).

En 1868 son tres os que figuran como integrantes do «Gremio de fabricantes de basigeria y cacharrería»: D. Clemente Suárez Isla, José Añón e Manuel Varela (AMB, c. 1707). Fabricantes con forno, entendemos, que se diferencian dos sete que figuran no «Gremio de Cacharreros» cotizando como tais. O primeiro, con Don, era un propietario que vivía na Coruña en 1876 e formaba parte da «Liga de Contribuyentes»; un empresario, por tanto, que invertiría neste negocio. Os outros dous víamolos na década anterior no expediente por fraude fiscal, no que se viron embargados, como levadores de fornos dos propietarios Cadenas e Garrot, respectivamente.

Alcaldía Pivanea de San Pedro das Viñas.

Relacion que formo yo Bernardo Gomez, Alcalde pedáneo de dicha demarcacion, acompañado de los vecinos de la misma Manuel Amado Matas, Francisco de Pico y José Anion, en cumplimiento de lo dispuesto por el Señor Alcalde Constitucional del distrito, en orden circular de

el que rige de todos los habitantes que en la expresada demarcacion ejercen industria, comercio, profesion, arte u oficio, sujetos a la contribucion de comercio e industria en el año economico de primero de Julio proximo, a treinta de Junio de mil ochocientos sesenta y siete, a saber.

Nombre y apellido Paterno y Materno	Industria que ejercen.	Calles o lugares en que viven.
Antonio Mouron.	Cacharrería.	San Pedro das Viñas.
Antonio Pico.	id.	id.
José Anion.	Un horno de cacharrería.	id.
José Pereira.	Cacharrería.	id.
Manuel Varela.	Un horno de cacharrería.	id.
Maria Nunez de Soveria.	id.	id.
María Nunez y Soveria.	Cacharrería.	id.
Francisco de Pico.	Herrero.	id.
Juan Mequero Cortes.	Botijos y libritos.	id.
José Wiza.	Abacera.	id.
Domingo Geruabe.	id.	id.
Manuel Anudo.	Cacharrería.	id.
Agustín Casal Yrionda.	id.	id.

Imaxe 11. AMB, c 1691. Na relación de habitantes de San Pedro das Viñas que exercen industrias en 1867 aparecen tres «cacharrerros», entre eles unha muller, e outros tres con «horno de cacharrería», un deles a cargo doutra muller.

Entre 1877 e 1880 son tres as fábricas de cacharrería con forno: as de Laureano Velón Núñez, Marcelino Etcheverría Vila e Valentín Pose Barallobre. En 1882 súmase Antonio Mourón Añón e consortes. Mais esta será efémera: ao ano seguinte xa non consta, así como tampouco a de Valentín Pose.

En 1877, José Añón Varela, da Magdalena, aparece como único cotizante na «Tarifa 3ª», inscripto a 1º de xullo de 1877. Aínda que non consta o oficio nin porque cotiza, parece tratarse do mesmo José Añón que rexentaba un forno de cacharrería dez

anos antes. En anos sucesivos os cacharreiros cotizan pola «Tarifa 1.a, clase 7.a» (AMB, c.1708).

En 1879, seguindo o *Anuario-almanaque del comercio, de la industria...*, temos seis «alfarerías» rexistradas en Betanzos. Son as de Laureano Belón Núñez, Manuel Caamaño Abelenda, Bernardo Caamaño García, Antonio Pereira Ceán e Valentín Pose Barallobre. A estes hai que sumarlle para completar a media ducia, a do industrial Marcelino Echeverría Vila, fillo do propietario da fábrica de curtidos existente no mesmo barrio da Magdalena Domingo Echeverría Arriaga, unha das catro fábricas de curtidos que están a funcionar nese momento en Betanzos. É de supor que esta alfarería de Marcelino Echeverría empregaría a varios oleiros.⁵

Dous anos despois, en 1881, seguindo o *Anuario del Comercio, de la Industria...* rexistráse a ausencia da de Marcelino Echeverría, manténdose as outras cinco. Aínda que no Imposto industrial municipal dese ano aínda aparece (AMB, c. 1744) a «Fábrica de cacharrería con forno», de Marcelino Echeverría Vila, xunto ás de Laureano Belón Núñez e Valentín Posse Barallobre. As tres na Magdalena, aínda que non se concretiza isto e xeneralízase localizándoas na parroquia de Viñas. Os tres que teñen fábrica con forno pagan 30 pesetas, mentres que os cacharreiros sen forno pagan 20 pesetas. Estes últimos son Bernardo Caamaño García, Manuel Caamaño Abelenda e Antonio Mourón Añón. Nese mesmo ano, e segundo a mesma publicación *Anuario del Comercio...*, no concello de Malpica (sen particularizar a parroquia, aínda que a maioría serían de Buño) aparecen oito «alfarerías»: José Añón Gómez, Lorenzo Añón Rodríguez, Ramón Añón Varela, Francisco Cambre Rodríguez, Juan Casal, Andrés Hermida, Jacobo Mourón Calvete e Manuel Pereira. Añón, Mourón e Pereira son apelidos presentes tamén na Magdalena betanceira procedentes de Buño.

Un par de anos despois, en 1883, segundo a publicación citada, ás cinco «alfarerías» betanceiras hai que sumar tres máis: as de Andrés Baamonde, Ramón Sobrino Rodríguez e José Vázquez. Mais estes tres últimos coinciden cos que rexentan as tres fábricas de tella e ladrillo na freguesía betanceira de Piadela, que quizá nese tempo fabricaban tamén cacharros e podían contratar oleiros procedentes de Buño. E en 1887 dese total de oito rexístrase a baixa de Valentín Posse, ficando sete. No *Anuario del Comercio...* de 1894 só aparecen cinco, mais en 1897 volven aparecer os sete de dez anos antes.⁶

No padrón do ano 1889 figuran como alfareiros, Ramón Criado Doval (24 anos) que está casado con Carmen Velón Salorio, filla de Laureano Velón, continuador do obradoiro do seu pai, o berciano Andrés Velón, mais Laureano agora figura como “bracero” de profesión, alleo á olaría, á que voltará máis tarde. E, tamén, Francisco Pereira Ceán (de 41 anos) natural de Buño.

A partir de 1885, e durante o resto do século XIX, quedarán unicamente Marcelino Echeverría e Laureano Velón con fábrica de cacharrería con forno. Este, citado a veces Belón e mesmo Vellón nunha ocasión, deixa de aparecer en 1901. Quedará, pois, a de Echeverría a partir do comezo do século XX, que se manterá ata pouco despois da morte deste, acaecida en 1914. En 1918 xa non aparecerá este na matrícula industrial. É de supor que cada unha delas daba emprego a unha cuadrilla de oleiros, aínda que carecemos de datos sobre isto. Apenas unha referencia oral dun descendente de Laureano Velón, que nos comunicou que o seu bisavó daba traballo no seu obradoiro a unha ducia de oleiros.

Un total de trece “alfareros” atopamos na Magdalena a comezos do século XX, no censo electoral de 1901 (AMB, c. 6422): Na casa número 24, Nicolás Velón Salorio (de 26 anos) e o seu cuñado Ramón Criado Doval (de 35 anos, sabe ler e escribir). No número 34, Francisco Caamaño García (de 41 anos). No número 36, Francisco Naya Naya (de 69 anos). No número 40, Antonio Varela Varela (de 58 anos). Na número 42, Manuel Pereira Añón (76 anos, sabe ler e escribir). No número 44, Manuel Caamaño García (36 anos, sabe ler e escribir). Na número 46, Francisco Varela Varela (de 55 anos) e Manuel Varela Pereiro (de 35 anos, sabe ler e escribir). No número 49, Pedro Posse Barallobre (de 40 anos). No número 56, Antonio Pereira Ceán (de 52 anos) e Valentín Posse Barallobre (de 56 anos). E nunha casa sen número, Manuel Caamaño Prieto (de 34 anos).⁷

No padrón de 1910 figuran como alfareiros Laureano Velón Núñez, xa moi maior con 83 anos, Valentín Pose Barallobre (con 62 anos) e, dado que o padrón está rompido nas últimas follas correspondentes ao barrio da Magdalena resultan incompletos algúns datos. Aínda así, vemos a Francisco Caamaño García (de 50 anos) sen constarnos o oficio, e un Varela Varela (figura sen nome propio), alfareiro de 69 anos. Botamos en falta aos Mourón, que quizá estarían nesas follas que faltan e que voltarán a aparecer máis adiante (AMB, c.2888).

Na década que vai de 1910 a 1920 prodúcense moitos cambios no barrio da Magdalena. A fábrica de curtidos, logo da morte de Marcelino Etcheverría en 1914, languidece e deixará de funcionar cara 1925 e a súa fábrica de louza tamén desaparece xa por 1916. A veciña fábrica de curtumes do Carregal tamén pecha por 1914. Moitos veciños marcharon, como denotan as casas deshabitadas (os números 21, 34, 41, 46, 47, 56, 66), varias arruinadas (a número 19, a 25, que habitaban os Pose Barallobre, familia de oleiros). Hai moitos veciños emigrados a Cuba, Buenos Aires e tamén embarcados en trasatlánticos que fan a rota a Nova Iorque. Emigración que aínda sería máis intensa na posguerra. En palabras do compositor Carlos López García, membro dunha familia numerosa que emigrou enteira para a Arxentina entre 1937 e 1951: «As familias que se foron da Madalena enteiras! Hai casas que quedaron desfeitas, emigraron todos para a Arxentina. Valeiras, si, si, vacías. Casas vellas que quedaron aí. Outros fóronse despois para Europa, como creo que os Arangeses e algún así.» (Torres, 2010: 23).

A construción do camiño de ferro Betanzos-Ferrol, inaugurado en 1912, transforma tanxencialmente o barrio, ao desviarse o antigo cauce da ría e producirse grandes recheos de terra para asentar a vía férrea e a propia estación do ferrocarril, que



Imaxe 12. Foto do autor, XTR, 2013. Unha parte da Condomiña coa cheminea da antiga fábrica de curtidos ao fondo. As vivendas adosadas manteñen a tipoloxía das casetas dos lazarados.

vai quedar moi próxima ao barrio, favorecendo os desprazamentos da veciñanza e mesmo a posibilidade de novos mercados para os cachaerros nos concellos aos que daba servizo esa liña férrea.

Resulta curioso que no padrón de 1924 (AMB, c. 272) rexístranse algúns salarios, figurando o dos oleiros con 5 pesetas diarias, mentres que o dun xornaleiro é 4,50 pesetas, o que nos achega un pequeno dato socio-económico.

Nese ano, José María Mourón García (aparecendo tamén como José Antonio) comeza a cotizar por unha «Fábrica de loza ordinaria, con cámara de cocción del horno de 10 metros cúbicos de capacidad», similar en capacidade á desaparecida de Etcheverría. Continúa cotizando por ela ata polo menos 1937 (AMB, c. 1748 e 1749). En 1926 prodúcese un curioso incidente familiar: o seu fillo José Mourón López, tamén oleiro, denuncia por construír un forno en terreo público.



Imaxe 13. Casas (primeira e terceira) nas que habitaron os Mourón ao comezo da Condomiña co forno do barro –xa desaparecido– nun alpendre de enfronte. Unha familia tan grande precisaba dúas casas, neste caso non xuntas, senón separadas por outra.

En 1930 só os Mouróns (que non viamos no padrón mutilado de 1910) figuran como oleiros na Magdalena: o petrucio Manuel Mourón Pereira, xa con 80 anos e o único nado en Buño, o seu fillo José Mourón García, con 52 anos, e o neto José Mourón López, con 30 anos.

En 1950 aínda continúan coa profesión de oleiros tres Mouróns: os irmáns Francisco e Antonio Mourón Cagiao, con 36 e 30 anos, respectivamente, e o seu sobriño Julio Mourón García, de 19 anos, fillo de José Mourón López, xa falecido. Os dous primeiros residen na Magdalena e o terceiro na mazá da Rúa Travesa, naquel momento denominada de José Antonio. En 1970 xa só quedaba en activo Francisco Mourón Cagiao, que sería o derradeiro en desempeñar a profesión, pois aínda que Julio voltará anos despois a fabricar cachaerros non o fará con fins profesionais, como logo veremos.

O tratado de García Alén (1983), que podemos considerar como auténtica biblia da nosa alfarería tradicional, ten un amplo espazo para Betanzos. A través del podemos saber cousas do seu “modus operandi” que hoxe, desaparecidos os derradeiros oleiros cos que el falou, non sería posible coñecer.

A materia prima, o barro, obtíñano os oleiros da Magdalena nuns terreos pantanosos próximos ao río Mero, na freguesía de Piadela, de propiedade particular pagando por unha determinada extensión de terreo. Nel facían as extraccións só durante os meses de verán para todo o ano, que logo almacenaban, pois os pozos excavados a ceo aberto tendían a encharcarse. Alí existían, nas inmediacións do río Mero, dúas telleiras ou fábricas de tella e ladrillo, que chegaron a ser catro, e pasaron por diferentes propietarios⁸. Tamén empregaban os oleiros da Magdalena un barro branco que obtíñan nas inmediacións da praia de Mera, no concello de Oleiros, para as superficies das vasixas que levaban vidrado de chumbo.



Imaxe 14. Foto do autor, XTR, 1990.
Capela da Magdalena.

Máis coñecido é o seu hábitat no histórico barrio dos lazarados, do que tamén se ocupa o estudoso:

Los «oleiros» que se instalaron en Betanzos ocuparon con su familia alguna de las pequeñas casas existentes en la Conduña, que eran propiedad de la familia Echeverría. En el piso alto de la casa vivía la familia, mientras el bajo de la casa era la habitación destinada para el torno, almacén para el barro y secadero. El horno en que cocían era también propiedad del dueño del terreno en donde habitaban, y cada vez que lo usaban pagaban un alquiler que a principios de siglo [XX] equivalía a dos pesetas. Para ellos malamente ganaban para comer, por eso y por lo andrajoso de su indumentaria, los «betanceiros» los llamaban «calaceiros». Casi todos morían como «pobres de solemnidad», y hasta comienzos del siglo actual [XX] no mejoró su condición de vida. Su dependencia del propietario del terreno era tan grande que, según cuentan, hasta les comprometía el voto siempre que había elecciones. (García Alén, II, 1983: 119).

A respecto da comercialización sabemos que na praza de San Francisco (actual de Fernán Pérez de Andrade “o Bó”) efectuábase o comercio local dos produtos cerámicos dos oleiros da Magdalena, polo menos dende finais do século XIX. Así, o semanario *El Censor* dicía a finais de 1883:

La plaza de San Francisco, destinada a vender objetos de alfarería, se convirtió en un depósito de piedras, tierra y vigas inservibles, y para hacer más llevadero el tránsito, han colocado unas piedras de punta, en forma de marcos divisorios, con objeto de señalar el sitio que ocupa cada alfarero. Suponemos ser de razón el que se evite esto.⁹

Por 1924 aparecen como contribuíntes por «venta de cacharros de barro» en local fixo Concepción Guironillh (apelido que varía de forma en diferentes documentos) Pérez, no número 1 da rúa Ana González (a antiga de San Francisco que viña de rebatizarse) e Carmen Velón Salorio (filla do antigo fabricante Laureano Velón), na rúa Quiroga, as dúas nas proximidades da praza de San Francisco, inmediata á Pescadaría. A primeira vendedora deixa de aparecer en 1935, mentres a segunda figura aínda en 1942. Neses anos corenta de posguerra, nos arredores da Pescadaría instálanse varios locais de venda de «loza ordinaria» ou «cacharros de barro» (denominacións que varían): No número 1 da rúa Ana González está en 1942 María Vila Davara, local que aparece a nome de César Vila Davara a partir do ano seguinte. E na Pescadaría, a partir de 1943, figuran Josefa Cagiao Pérez e Juan Castro López, e en 1946 Concepción Naya Pérez, que anteriormente estaba no apartado de «loza entrefina, etc.». Ademais, no Valdancel, está en 1941 (único ano que a vemos) Prisca Gómez Álvarez con «cacharros de barro». Na década dos cincuenta só está Juan Castro López, que en realidade é carpinteiro; este é o home de Teresa Criado Velón, filla do que fora oleiro Ramón Criado e neta de Laureano Velón que tivera un forno, polo que parece que o negocio está a nome del e a que o atende é Teresa, que vende máis ben cerámica foránea. A todos eles hai que sumar José Mourón López, quen ademais de cotizar como propietario dun forno dende 1923, facíao tamén pola venda de cacharros de barro na Magdalena. Este figura en 1947 cun local na mazá da Rúa Travesa cotizando por «Objetos latón y cinz» e, posteriormente, faríao a súa viúva Carmen García Faraldo por «Jarras, zinc, etc.» (AMB, c. 1749, 6181 e 3011).

Ademais dos postos de venda en locais fixos da cidade, os oleiros da Magdalena comercializaban a súa produción nas feiras da bisbarra mariñá: aparte das de Betanzos, algúns acudían ás de Cambre, Carral e A Viña. Así como ás denominadas «da montaña»: Curtis, A Illana ou Arzúa; ou a da A Adina (próxima ao Mesón do Bento). Tamén á de Cabanas, inmediata a Pontedeume, e ás do camiño a Ortigueira: Moeche e A Barqueira. A elas acodían transportando a mercancía en grandes paxes de varas de castaño, primeiramente en cabalarías e logo nos automóviles que facían o servizo ás feiras.

Sobre a tipoloxía da alfarería producida na Magdalena recomendamos o amplo estudo de García Alén (II, 1983), quen consideraba que «en Betanzos se conservaron formas que ya en Buño se iban olvidando», estudo do que apenas extractamos unhas liñas, por non ser este o tema do noso traballo:

Las más antiguas vasijas que hicieron estos «oleiros» siguieron las formas que se hacían en Buño por la época de su emigración. Así, construyeron, con gran similitud respecto a aquellas, «cazolas con rabo», «olas», «tarteiras antiguas», «fontes», «platos», «cuncas», «escudillas», «chocolateiras» y otras. A éstas se añadieron algunas otras como una «pota de tres pes» para poner al fuego, que con mucha probabilidad reproduce una vasija de A Terra Chá lucense. Y crearon algunas formas propias, como las que surgieron en razón a festividades o hábitos de la comarca; tales fueron «a xarra e as tazas para os Caneiros» y a «xarra para o viño das bodegas».

Mesmo, e como mostra deses intercambios entre Buño e Betanzos, os oleiros de Buño adoptaron, antes de 1900, o modelo de pucheiro que facían os da Magdalena, con base máis ancha, nomeado por eles como «pucheiro betanceiro».

Con todo, os oleiros da Magdalena estaban condicionados polo barro betanceiro, de menor plasticidade, e polo mesmo adoitaban considerar os cacharros de Buño de maior calidade, circunstancia que lles servía de xustificación, xa que «os de Buño co seu barrofan o que queren», como recolleu no seu día o citado estudoso da alfarería galega.



Pucheiro betanceiro

Facíase para o mercado de Betanzos. Contan que algún oleiro de Buño levou a pota a Betanzos, e alí adoptou diferencias na forma, pola calidade propia do barro das Mariñas.

Imaxe 15. García Alén, Gómez Vilasó (1986).
Debuxo do pucheiro betanceiro.

Finalmente, a dura competencia coa cerámica industrial, feita con moldes, a perda de función de moitas vasixas e a aparición de novos materiais, como o plástico remataría co mantemento deste oficio tradicional. Como recolle García Alén (II, 1983: 120) «Quizá fuese el plástico, en la opinión de algunos, la causa que más influyó en que se fuese acabando con el oficio; los últimos alfareros de Betanzos tuvieron que cambiar de ocupación en muy poco tiempo porque «non ganaban nin para comer». Esta é a opinión tamén que nos expresou en conversa recente Teresa Mourón Fernández, filla do derradeiro profesional do barro Francisco Mourón, que rematou facendo milleiros de macetas para viveiros: «O plástico acabou con el».

IV. Oleiros e sagas oleiras da Magdalena

OS AÑÓN

Bernardo Añón naceu en 1795. El e a muller, Tomasa Varela Soto, son naturais de San Estevo de Buño. O matrimonio debeu chegar en 1838 cando xa pasaban dos corenta anos. Dez anos pasados, reside con eles un sobriño de 13 anos, Agustín Armán, que quizá axudase aos tíos nos labores do barro. En xaneiro de 1850 mércanlle a Ángela Ribas, viúva de Juan Antonio Beira, e aos fillos destes, unha casa no sitio da Canteira, que linda polo sul co camiño real que de vai de Betanzos á Coruña. E tamén a metade dunha «ayra con la de su horno de cocer barro y la de su alpendre» que se atopan na mesma anexas á casa. Cinco meses despois, véndenlla ao fillo José Añón, tamén alfareiro (AMB, 5391).

Un feito de difícil explicación –a non ser un erro– é que cando o padrón de 1839 a muller figura sen o seu nome e aparece como «Viuda de Bern.^{do} Añón», de 43 anos, «Alfarero» de profesión, xunto cos fillos María Josefa (22 anos), outra Josefa (19 anos) e Juan (11 anos). Se en 1839 Añón era difunto como podía aparecer en padróns posteriores de 1847 e mercando a casa, a aira e o forno da Canteira once anos despois?

Francisco Añón, aparece rexistrado na Magdalena no padrón de 1841 con 48 anos (nacería por 1793), xunto coa muller **María Casal**, de 46 anos, e o fillo **José Añón Casal**, de 19 anos. Os tres son naturais de Buño e de oficio «Alfarero» e deben ser parentes do anterior. Quizá Francisco é irmán de Bernardo.

José Añón Varela, alfareiro de Buño, nado en 1823, fillo de Bernardo Añón e Teresa Varela, de Buño os dous, chegou cos pais á Magdalena en 1838. Casa moi novo coa betanceira María Salorio Blanco. Vivían na «Calle de la Condomiña del barrio de la Magdalena». Tiveron moitos fillos, varios deles non logrados: Joaquín (nado en 1843, morre aos tres días), Bernardo (1845), Manuel (1846), Manuela (1852), Isidro (1855, morre ao ano seguinte de «Tós ferina»), Raimundo (1857), Juan Benito (1860) e Carmen (1863, morre aos poucos días) Añón Salorio. A mortalidade infantil nesta época era moi elevada e non só entre as clases populares. En 1850 deberon pasar a vivir a unha casa da Canteira, que lle mercaron aos pais del ou, mellor, que estes mercaran para el, xunto coa metade dunha aira con forno de barro e alpendre que compartían con outro propietario. Aínda que tres anos despois José véndelle estas propiedades a Vicente Garrote de Castro. Mais debeu seguir rexentando el o forno, pagando un aluguer. Por iso, cando en 1858, a facenda pública embarga e vende os seus bens, ao mesmo tempo que ao oleiro Manuel Varela, por non poder facer fronte á multa que se lles impuxo, e a administración de facenda non pode vender os fornos porque o que rexenta José Añón é de propiedade de Garrote e o que rexenta Manuel Varela é de Santiago Cadenas.

No padrón de 1866 José aparece como viúvo, con 40 anos (tería 43 en realidade), de oficio cachaeriro, vivindo con el os fillos Bernardo (21 anos), Manuel (19 anos), Manuela (14 anos), Raimundo (9 anos) e Juan Benito (5 anos). O maior está «sirbiendo a SM» [Su Majestad] e o seguinte, **Manuel Añón Salorio**, é tamén cachaeriro de oficio.

Dúas mulleres solteiras da familia Añón de Buño, quizá curmáns deste José Añón, veñen dar a luz á Magdalena, probablemente acollidas polos familiares. Josefa Añón ten en 1845 ao seu fillo natural Juan Manuel, e a súa irmá María Añón terá dous xemelgos, Francisca e José en 1846 e posteriormente outro fillo natural, Francisco, en 1848 que morre aos dous anos. Estas dúas nais solteiras son fillas de Francisco Añón e Manuela Pérez, ambos de Buño.

Outra María Añón, de Buño tamén, costureira e filla de solteira de Manuela Añón, morre aquí aos 44 anos en 1856.

ANTONIO TORRADO

Antonio Torrado López era natural de Razo, no actual concello de Carballo, onde nacera arredor de 1815. Chegou a Betanzos con 18 anos en 1833 para traballar de alfareiro. Era fillo de José Torrado e de Polonia López, de Razo os dous. A nai, que nacera arredor de 1787, de viúva veu vivir co fillo a Betanzos.

Antonio casou con Francisca Calvo, nada en Buño arredor de 1817, filla de Andrés Calvo e María Estévez, os dous de Buño. A comezos da década de 1840 están aveciñados na Magdalena, onde nacen os fillos José, Bernardo, Antonio (1842), Andrea (1844), José María (1848), Juana Andrea (1851) e Manuel (1854) Torrado Calvo. Mais non atopamos datos de ningún deles como oleiros. En 1849 ten con el un oleiro de Buño, «Com.o del grem.o» [compañero del gremio], de vintedous anos, que leva cinco anos en Betanzos, e unha criada de Buño, Josefa Gorín, de 36 anos que leva xa 20 en Betanzos. Em 1850 merca na Condomiña á viúva de Veira, Angela Ribas, e aos fillos unha peza de campón que ha de ter entrada pola «ayra», entremedias do forno e alboio, para o carro.

OS CAAMAÑO

Manuel Caamaño Abelenda chegou de Buño, onde nacera en 1821, sendo moi noviño en 1837. Era fillo de Manuel Caamaño, de Buño, labrador, e de María Abelenda

(nalgún documento aparece do Mato), de San Xoán de Xornes, parroquia lindeira con Buño (pon Lugo, erro, noutro lugar pon María do Mato e Abelenda, Coruña).

Casou en 1843 con Manuela García Naya, da freguesía de Vixoi, os dous con 22 anos, e tiveron uns sete fillos: Bernardo(1844), Antonio (1847), Josefa María (1848), María Francisca (1851), Benita (1854), Francisco (1857), Manuel Antonio (1862) Caamaño García.

O fillo máis vello, Bernardo, casou con Juana Prieto, de Cambás. En 1865 nácelles o fillo Manuel Caamaño Prieto e en 1867 a filla Josefa.

Francisco Caamaño García foi un dos fillos que continuou a profesión de oleiro. Casou con Pilar Posse Neira, un ano máis nova, tamén da freguesía de Viñas, e tiveron os fillos Francisco (1887), Bernardo (1890), Manuela (1895) e Carmen (1896) Caamaño Posse. Viven na casa n.º 34 en 1901 e 1905, pero logo a súa cédula aparece tachada e anotada a lapis outra familia, polo que entendemos que marcharon de Betanzos.

Outro irmán, Manuel Antonio, que aparece despois unicamente como **Manuel Caamaño García** figura no padrón de 1905 como alfareiro de profesión, casado coa tamén betanceira María Gómez da Pena, da súa mesma idade, xunto con sete fillos: Manuela (nada en 1895), Francisco (1887), Encarnación (1892), Antolín (1894), Remigio (1898) e Nicolás (1900) Caamaño Gómez. Viven na casa n.º 44 e no encabezamento figura o epígrafe «Pobres». A cédula aparece revisada para o seguinte padrón, figurando a anotación «falleció» tanto no lugar da esposa como na do último fillo. Tamén o vello Manuel Caamaño Abelenda, que vivía só no número 41, xa octoxenario, aparece tachado e co mesmo epígrafe «Pobre» e coa mesma anotación do falecemento. Quizáis esas luctuosas circunstancias forzaron a marcha da familia, que aparece tachada na súa totalidade e engadidos a lapis novos moradores.

FRANCISCO NAYA

No padrón de 1866 figura como veciño da Magdalena o cacharreiro **Francisco Naya Naya**, de 40 anos, viúvo, con dúas fillas menores, Josefa (11 anos) e Juana (9 anos) Naya Fraga. Debeu nacer alí, pois é natural da freguesía de Viñas, á que pertence o barrio, e o apelido Naya estaba presente en freguesías limítrofes do concello de Bergondo. Era fillo de solteira de Antonia de Naya, logo casada co oleiro Bernardo Ceán que viñera de Buño. Entón, Francisco puido aprender o oficio co seu padrastró. Cinco anos antes, en 1861 cotizaba e compartía un forno con Manuel Caamaño, un dos cinco que funcionaban daquela, que tiñan arrendado a Agustín Suárez xa dende anos atrás, pois así constan nun expediente xa citado sobre pago de cotas e multas en 1858.

FRANCISCO RAMA

No padrón de 1839 o oleiro Francisco Rama, nado en Buño arredor de 1805 e con 34 anos, aparece vivindo na Magdalena coa muller María Díaz, de Cortiñán, de 41 anos, e os fillos José (10 anos) e Manuel (7 anos) Rama Díaz. Unha decena de anos antes, en 1828, xa aparece como cotizante polo «barro de Buño» e afincado na Magdalena.

JOSÉ GORÍN ou CALVIÑO GORÍN

José Gorín, nado en 1833 e alfareiro de profesión, casa aquí aos 25 anos, en 1858, con Bernarda Pereira Rodríguez, de 19 anos, que tamén nacera en Buño en 1839 e vivía dende neniña na Magdalena cos seus pais Antonio Pereira, oleiro, e María Rodríguez

de la Fuente. Bernarda era a filla maior dos Pereira Rodríguez e a única que non nacera en Betanzos.

O matrimonio Gorín Pereira vivía na Condomiña e tivo varios fillos, todos varóns: Antonio Manuel (1858), Bernardo (1859), Manuel Benito (1860), Francisco (1862), Laureano (1865), Marcelino (1868).

José Gorín na partida de nacemento deste último fillo aparece con Calviño de primeiro apelido, aínda que de pai incógnito. Era fillo da moza solteira Josefa Gorín, nativa de Buño. Esta pode ser a criada do mesmo nome de Antonio Torrado que figura na súa casa en 1849. Dado que o fillo non aparece con ela, poidera ser que este fora enviado a Buño cabo da familia materna a aprender o oficio, pois os Gorín eran alfareiros en Buño. **José Gorín** ou **José Calviño Gorín**, tanto na acta de matrimonio como nas de nacemento dos fillos figura como natural da parroquia betanceira de Santa María do Azougue, onde se batizaban os da Magdalena.

No padrón de 1866 unha Josefa Gorín Gorín, nativa de Buño, solteira e xornaleira reside na Magdalena. Debe tratarse da nai de José.

JUAN ANTONIO VEIRA (ou BEYRA)

Un dos poucos oleiros da Magdalena que non naceu ou era de familia de Buño é **Juan Antonio Veira** (tamén rexistrado como Beyra), que era natural da freguesía de Porzomillos, próxima a Betanzos, de onde debía ser súa nai. Aínda que a súa falta de vencello con Buño non se pode asegurar totalmente, porque era fillo de solteira. Na súa partida de defunción, o nome da nai consta como Paula Rumbo (que sería Veira Rumbo) e o do pai «se ignora». Casou con Ángela Ribas, coa que tivo varios fillos: Benito, José, Rosa, Manuela e Juan Bautista Beyra Ribas. Manuela casou co tamén oleiro buñés José Pose López (Véx. Os Pose). Vivían na Magdalena, onde eran propietarios dunha casa na Canteira, á beira da estrada da Coruña, e da metade dunha aira cun forno de cocer barro e un alpendre, propiedades que pouco despois da súa morte a viúva e os cinco fillos venderían, pasando a membros da familia Añón Varela e logo a Vicente Garrote.

Veira faleceu en 1848 con 73 anos, polo que tería nado arredor de 1785. Non sabemos de ningún fillo que continuase o oficio.

OS CEÁN

Bernardo Ceán Añón, alfareiro de Buño debeu chegar arredor de 1834 con 24 anos. Casou aquí con Antonia de Naya (de Naia, nalgún documento), de Pontellas, da mesma idade. En 1840 viven na parroquia de San Pedro das Viñas, na Magdalena e teñen un fillo, Manuel Ceán Naya (1841). Ela xa tiña un de solteira, Francisco de Naia, que vivía co matrimonio e aprendería o oficio do padrastró. Posteriormente naceron outros fillos da parella: José (1842, que debeu morrer axiña), outro José (1843) e Francisco (1847) Ceán Naya. En documentos antigos, membros desta familia aparecen como Zeán.

Os pais de Bernardo son José Ceán, alfareiro, e María de Añón Pereira, de Buño ambos. Estamos diante outro caso dun fillo que se forma en Buño co pai alfareiro e chega de adolescente á Magdalena.

Bernardo Ceán morre na Magdalena aos corenta e catro anos (segundo a acta de defunción) en 1863, xa viúvo. Existe disparidade nas cifras de idade nos diferentes rexistros, que levarían o seu nacemento a un abano que vai de 1809 a 1819. Tamén na partida de defunción del a súa nai figura como María Pereiro, que podería ser o segundo apelido.

Francisco Ceán, tamén procedente de Buño, debeu chegar cuns dezaioito anos ou menos a Betanzos. En 1846 figura na Magdalena exercendo a profesión de oleiro, contando 39 anos e casado coa tamén buñesa Dominga Rodríguez, 6 anos maior ca el. Rexistrados con eles como fillos aparecen José García, de 14 anos, e María, de 21, que se atopa servindo na Coruña, nados na freguesía de Viñas os dous.

OS MOURÓN

O primeiro Mourón oleiro que atopamos en Betanzos é **Juan Mourón**, que figura nunha relación de «Barro de Buño» de 1828, residindo na Magdalena, mais descoñecemos calquer outro dato sobre el, pois xa non aparece no primeiro padrón coñecido dese barrio de 1839.

Asentados na freguesía de San Pedro das Viñas (seguramente na Magdalena) están o oleiro **José Mourón Amarelle** e a esposa Josefa Calvete Muñiz, de Buño os dous, que bautizan en maio de 1841 ao seu fillo Pedro, xa nado en Betanzos. Polo tanto, a súa chegada é anterior a ese ano. Na acta consta a profesión de alfareiro do pai, no nome da rúa a da freguesía, o número da casa «ninguno» e o do cuarto ou aposento «principal, por habitar toda una Casa» Posteriormente, en 1848 ten lugar o nacemento de outro fillo, Manuel Mourón Calvete.

Un irmán de José é **Antonio Mourón Amarelle**, quen debeu chegar a Betanzos arredor de 1857 coa súa muller Josefa Pereira García, porque a súa filla Isabel (que falecerá aquí con dous anos escasos) nacera en Buño o ano anterior e o seu fillo Manuel nace xa en Betanzos no 1857. Os pais destes Mouróns Amarelle eran Bernardo Mourón e María Amarelle, de Buño os dous. Por parte de Josefa Pereira, a muller de Antonio, os pais eran Felipe Pereira e María García López, tamén de Buño.

Outro Mourón «cacharrero» estaba instalado na Magdalena en 1866, dende uns dez anos antes. Trátase de **Antonio Mourón Añón**, nado en Buño, que tiña daquela 40 anos. Estaba casado con Josefa Pereira López, de 42, tamén procedente de Buño, da familia Pereira, instalados tamén na Magdalena. Tiñan tres fillos nese momento: Francisco (17 anos), Manuel (16 anos) e outro Manuel (9 anos). Este último xa nado na Magdalena en 1857. En 1858 morrera (de «el Crup») a filla María Isabel, con 2 anos.

Fillo do anterior é o **Manuel Mourón Pereira**, alfareiro, nado en Buño en 1851, que vive en 1905 na casa n.º 50, coa muller Angustias García Doldán, nada en Betanzos en 1855. Manuel leva 46 anos de residencia en Betanzos, a onde debeu chegar aos 7 anos. A parella vive neste momento con tres fillas: Francisca (nada en 1888), Florentina (n. 1889) e Aurora (n. 1895). Francisca aparece tachada e unha engádega a lapis fai constar que está de «sirvienta» na Coruña.

Xa no primeiro terzo do século XX dous Mouróns «alfareros» figuran no padrón de habitantes de 1920: O máis vello é o citado **Manuel Mourón Pereira**, que ten nesta altura 69 anos e que veu de Buño de neno, pois figura con 61 de residencia en Betanzos. Vive coa muller Angustias e a filla, Aurora Mourón García, costureira de 25 anos, e un sobriño de Angustias, Juan García Doldán de 51 anos. Nunha nota dise que este «se halla separado voluntariamente de su esposa Carmen Gago Rilo y vive en familia» coa súa tía e o marido desta.

O outro é **José Mourón García**, fillo do anterior e que continúa o oficio do pai, nado en Betanzos en 1877, con 43 anos por tanto. Está casado en segundas nupcias con Manuela Cagiao Vilar e con eles viven tres fillos do primeiro matrimonio de José e os

cinco habidos do segundo matrimonio con Manuela. A numerosa prole, que vai dende os 21 anos ata apenas meses, habita en dúas casas case seguidas da Magdalena, os números 32 e 36, pero figuran todos xuntos nunha única folla do padrón. Os fillos son: Angustias (nada en 1899), José (1900), Manuel (1908) Mourón López, e Juan (1912), Francisco (1914), Josefa (1916), Magdalena (1918) e Antonia (que acababa de nacer en outubro de 1920) Mourón Cagiao. Deles **José Mourón López**, o maior dos varóns, que ten vinte anos, figura tamén como alfareiro de profesión.

José Mourón García foi eleito concelleiro polo segundo distrito (ao que correspondía a Magdalena) nas eleccións celebradas o 5 de febreiro de 1922, tomando posesión do cargo na sesión constituínte celebrada o 1 de abril seguinte baixo a presidencia de Adolfo Sánchez Díaz, nomeado alcalde por Real orde e substituído en xaneiro do ano seguinte polo banqueiro Domingo Etcheverría Naveira, quen á súa vez xa fora substituído polo anterior, seguindo as dinámicas dos cambios de goberno no estado español (libro de actas capitulares 1922-1923). Seguramente, esa breve intervención na política local de José tiña moito que ver cun compromiso con Etcheverría, dono das casas en que vivían e de medio barrio. Esa corporación da que facía parte José Mourón foi cesada pola Dictadura militar do xeneral Primo de Rivera, implantada o 13 de setembro do ano seguinte, no pleno celebrado o 1 de outubro (libro de actas capitulares 1923-1924). Aquí aparece cos nomes de José Antonio.



Imaxe 16. AMB, actas capitulares 1923-1924. Sinatura de José Mourón García nunha acta municipal na súa breve etapa de concelleiro, abaixo á dereita, enriba da do secretario Benito Sánchez Valeiro.

Os mesmos tres Mouróns «alfareros» figuran no padrón de habitantes de 1924, do que entresacamos os seguintes datos:

O petrucio **Manuel Mourón Pereira**, de 73 anos, e leva 68 anos en Betanzos. Sabe ler e escribir. Con el e a muller Angustias viven a filla Aurora, de 29 anos, agora casada, e o seu esposo **Enrique Seoane Varela**, betanceiro, de 55 anos, sabe ler e escribir e é alfareiro de profesión. Teñen dous nenos pequenos Enrique e Manuel Seoane Mourón, de 1 ano e un mes, respectivamente. Seis persoas en total residen na vivenda. Aquí temos un caso dun casado cunha filla de alfareiro que pasa a desempeñar o oficio do sogro se é que non o desempeñaba xa anteriormente, pois este Enrique, aínda que é fillo dun zapateiro tamén é neto do oleiro Antonio Varela (Véxase os Varela).

José Antonio Mourón García, fillo do anterior como xa dixemos, tamén oleiro de oficio, de 46 anos, sabe ler e escribir e viña de ser concelleiro nunha breve etapa. Vive na Magdalena 36, casado coa betanceira Manuela Cagiao Vilar, de 31 anos, analfabeta, dedicada aos seus labores. Teñen seis fillos: Juan (11 anos), Francisco (10 anos), Josefa (8 anos), Magdalena (6 anos), Antonio (4 anos) e María del Carmen (1 ano). Con eles vive tamén un fillo do matrimonio anterior de José Antonio: **Manuel Mourón López**, de 17 anos, sabe ler e escribir, e tamén alfareiro de profesión, seguramente traballando co pai. Este Manuel emigrará despois aos Estados Unidos, establecéndose en Baltimore. En total son 9 persoas morando nesta casa.


Nunha “Relación de las industrias, mecánicas, químicas o eléctricas que existen en este término municipal...” correspondente ao ano 1925, figura unha “fábrica de loza ordinaria” a nome de José María Mourón García con domicilio na Magdalena 36. Trátase, pois, deste último, que unhas veces aparece José Antonio e outras unicamente como José. O seu nome e apelidos, cunha sinxela rúbrica, aparece entre os asinantes desta relación datada a 22 de abril do citado ano¹⁰.

José Mourón López, de 24 anos, nado en Betanzos, sabe ler e escribir. Vive na Magdalena n.º 46 coa súa muller Carmen García Faraldo, tamén betanceira, de 28 anos, dedicada ás súas labores e sabe ler e escribir, e cunha filla dun ano, Rosina.

Un conflito entre este –que tiña o seu propio forno dende 1923– e o seu pai deu lugar a que aquel comparecera nas oficinas municipais o 21 de xaneiro de 1926 e, diante do alcalde Emilio Romay e o secretario Benito Sánchez, que asinan con el a «Comparecencia», manifestara «que su padre Jose Mouron Garcia ha construido un horno de alfareria en la magdalena en terreno que hasta la construccion del horno referido era de transito publico y que lo pone en conocimiento de la Alcaldia por constituir un peligro para el vecindario y por si fue construido sin el correspondiente permiso o autorizacion» (AMB, c. 1074). Debe tratarse dun forno que estaba enfrente da casa, na Condomiña, dentro dunha das casetas de madeira que aínda se conservan, e que se mantivo moitos anos, polo que a denuncia non debeu ter efectos legais.

Neste padrón de 1924 rexístranse algúns salarios, cousa inhabitual, figurando o dos oleiros con 5 pesetas diarias, mentres que o dun xornaleiro é 4,50 pesetas.¹¹

No padrón de 1930 continúan as tres pólas dos Mourón como únicos alfareiros de profesión na Magdalena: O petrucio **Manuel Mourón Pereira**, que ten agora 80 anos e é o único deles que naceu en Buño, o fillo **José Mourón García**, con 52 anos, e o neto **José Mourón López** con 30 anos. Tres xeracións de Mouróns alfareiros, aínda que o petrucio xa pouco traballaría, pois debeu morrer axiña, xa que aparece marcada unha cruz



Imaxe 17. AMB, c. 1074. Documento datado o 21 de xaneiro de 1926 que recolle a comparecencia de José Mourón López diante do alcalde Emilio Romay e o secretario Benito Sánchez para denunciar a seu pai, José Mourón García, pola construción dun forno en terreo público.

á beira do seu nome, igual que a carón do da súa filla Aurora, seguramente colocada na revisión para confeccionar o seguinte padrón. Todos seguen residindo nas mesmas casas da Condomiña, é dicir: O pai no número 50, o fillo e a súa familia numerosa nos números 32 e 36, e o neto no número 46.

O matrimonio formado por José Mourón López e Carmen García Faraldo, algo maior ca el segundo os datos do padrón, ten nese ano de 1930 tres fillos: Rosina (de 7 anos), Carmen (1 ano) e Julio (apenas un mes). Este, **Julio Mourón García** será o derradeiro oleiro da saga Mourón en idade, aínda que non en exercer a profesión, pois Julio abandonaría mentres que seu tío Francisco “o Roxo” continuou exercendo ata a década dos setenta cando xa era o derradeiro dos oleiros do barrio da Magdalena. Con todo, Julio sería protagonista dun intento frustrado de recuperación, senón do oficio si das formas da cerámica betanceira, a comezos dos anos oitenta, como logo veremos.

Despois da guerra civil, no padrón de 1941 xa non atopamos ao petrucio Mourón Pereira nin ao seu fillo José, falecidos entanto, nin tampouco ao neto. Os Mouróns oleiros son agora os fillos de José do seu segundo matrimonio: **Juan Mourón Cagiao**, con 27 anos, casado con Concepción Naya Pérez, de 26 anos, natural de Bergondo, e sen fillos aínda, residen no número 34; **Antonio Mourón Cagiao**, de 20 anos, solteiro, que vive na casa número 36 coa nai viúva (a cabeza de familia) e outros seis irmáns tamén solteiros: **Francisco** (26 anos), Josefa (24 anos), Magdalena (22 anos), Carmen (17 anos), Domingo (14 anos) e Jesús (12 anos) Mourón Cagiao. E con eles todos, na casa número 36, o sobriño **Francisco Seoane Mourón**, de 16 anos e tamén alfareiro de profesión, fillo de Enrique Seoane e Angustias Mourón. Estas casas pasarán logo, nunha nova numeración, a ter os números 54 e 56, respectivamente.

En 1950 quedaban unicamente tres Mouróns alfareiros: os citados **Antonio Mourón Cagiao**, de 30 anos, casado con Enriqueta Rodríguez Seijo e cunha filla, Manuela Mourón Rodríguez de 3 anos; e o seu irmán **Francisco**, de quen falaremos a continuación, pois o irmán maior Juan abandonaría o oficio. O terceiro era o mozo **Julio Mourón García**, sobriño dos anteriores, que contaba 20 anos, estaba solteiro e vivía coa nai viúva, Carmen García Faraldo, e unha irmá solteira na casa número 1 da mazá da Rúa Travesa, naquel momento denominada de José Antonio, onde tamén vendían a cerámica.

Tanto Antonio como o seu sobriño Julio abandonarán o oficio. Así, no padrón de 1970 (AMB, c. 2907) só figura coa profesión de alfareiro **Francisco Mourón Cagiao**, fillo de José (que outras veces aparece como José Antonio) Mourón e Manuela Cagiao, anteriormente empadronado como labrador e agora substituíndo como alfareiro ao irmán Antonio. Nado en 1914, conta con 56 anos nese momento. Da casa paterna na Condomiña pasara a vivir na curva da Magdalena, na casa que agora leva o nº 30 e antes tivera o 22 –que desaparecería co ensanche da estrada como outras máis pouco despois– coa muller María Teresa Fernández Soto, nada en Mugaros en 1920. Tiveran dúas fillas, María Teresa e María Mourón Fernández, que xa non vivían con eles nesa altura. Nesta casa vivían anteriormente a familia López García, que emigrou para Bos Aires, e antes o antepasado destes Laureano Velón, que rexentara unha fábrica de cerámica. Na horta traseira da casa Francisco Mourón tiña o seu propio forno que construíu en 1949. De máis novo acostumaba concurrir ás feiras de Curtis e á do areal de Cabanas, levando con el á filla María Teresa de pequena para vixiar o posto, pois sempre había xente de man lixeira que se podía levaba algunha peza sen pagar. Francisco era o único que exercía o oficio nese momento de comezos dos anos setenta no que a profesión de alfareiro estaba



Imaxe 18. Foto Mosquera, A Coruña. Francisco Mourón «o Roxo» coa esposa María Teresa e a filla María no seu obradoiro, arredor de 1954. Xentileza da súa filla Teresa Mourón Fernández.



Imaxe 19. AMB, foto 4073. A curva da Magdalena antes do derribo das casas da esquerda para ensanchar a estrada. Na primeira casa, co cartaz do anuncio da sidra, viviu e traballou o último oleiro profesional, Francisco Mourón “o Roxo”, logo da marcha para a Arxentina da familia López García que alí residía.



Imaxe 20. Francisco Mourón «o Roxo», derradeiro oleiro profesional da Magdalena, xa ao final da súa actividade polos anos 70. Xentileza da súa filla Teresa Mourón Fernández.

condenada a desaparecer en Betanzos. Coñecido como “o Roxo”, a causa da cor do cabelo tiña sona de ser un bo profesional do oficio, como tamén o fora seu medio irmán Pepe, José Mourón López, e o seu pai José Mourón García. Nesta etapa Francisco dedicouse a facer milleiros de macetas para os servizos forestais de Pontevedra e varios viveiros, así como para comercios da Coruña, Ferrol e outros lugares. Mais a introdución masiva do plástico fixo que deixaran de facerlle eses encargos. Francisco, “o Roxo”, sería pois o derradeiro oleiro da Magdalena que exerceu a profesión e o derradeiro elo dunha cadea de oleiros procedentes de Buño que se asentaron neste peculiar barrio betanceiro. Francisco Mourón Cagiao faleceu en 1986.

Sobre os Mouróns, García Alén (II, 1983: 118) recolle unha historia que lle debeu contar algún dos últimos Mourón que exerceron o oficio, adubiada con algunha documentación manexada:

Por los años de su establecimiento en Betanzos emigraron de Buño tres alfareros apellidados Mourón, que bien pudieran haber tenido próxima relación familiar entre ellos. Uno, llamado José, puso su taller en un lugar próximo a Ferrol, probablemente en el lugar Do Outeiro, viniendo después para Betanzos, pues en 1838 figura en la documentación parroquial de Sta. María de Azougue de Betanzos el registro del fallecimiento de un hijo, donde consta que la madre de éste se haya difunta en Sta. María de Caranza. Otro Mourón se va para un lugar de Ares, que podría ser, siguiendo la tradición del lugar, por las proximidades de A Lagoa de Ares. Y otro conocido por Antonio vino para Betanzos, probablemente después de pasar por Noia, años después de los anteriores. Alguien supone que eran hermanos. Como si entre ellos quisieran repartirse tres de las rías de A Terra das Mariñas.

Non temos constancia de que as cousas fosen así realmente, mais si se contaba na familia algo diso habería. E tampouco imos estropear a bonita historia que artellou García Alén.

OS PEREIRA

En 1843 **Francisco Pereira López**, alfareiro, natural de Buño, ao igual que a súa muller Bernarda Casal, viven na parroquia de San Pedro das Viñas, seguramente na Magdalena. Nese ano mórrelles alí unha filla de 2 anos, Josefa Antonia, polo que xa debían levar algún tempo residindo aquí. Este Francisco Pereira podería ser «el hierno del Grilo de la Magdalena» (Casal Grilo) citados en documento de 1829, casado coa súa filla Bernarda.

Francisco era fillo de Felipe Pereira e María López García, os dous de Buño, onde nacera en 1810. Debeu chegar a Betanzos moi novo. Outros fillos da parella Francisco e Bernarda, ademais da citada nena difunta, foron María Antonia (1845) e Francisco Antonio (nado en 1846) Pereira Casal. Este Francisco Pereira morreu novo, con 36 anos en 1846, no mesmo que lle nace este último fillo.

En 1849 mércalle «una bodega o caseta terreña» na Condomiña (pois linda ao poñente co «camino viejo que va a la Angustia por donde tiene la puerta de entrada») a D. Marcos Vieites de Betanzos (AMB, c. 5391).

Irmá deste Pereira López debía ser Josefa Pereira López, que casaría co cacharreiro Antonio Mourón Añón, ambos nados en Buño. (Véxase Os Mourón). A maioría destes Pereira aparecen nos primeiros rexistros como Pereyra.

Antonio Pereira López, irmán do anterior, tamén alfareiro, nado arredor de 1815, chegou de Buño á Magdalena a comezos da década do corenta. Casado con María Rodríguez de la Fuente, tamén de Buño e 9 anos máis nova ca el, nácelles en 1845 a filla María Antonia. A primeira dos fillos nados en Betanzos, pois a maior, Bernarda, nacera en Buño en 1839. Os outros betanceiros foron Francisca, Manuela (1847), Angela Dominga (1850, morre ao ano), Marcial (1852), Ventura Magdalena (1853) e outro Marcial (1855) e Severina (1859). En 1862 vendía a metade dunha casa na Condomiña que mercara coa súa esposa, xa difunta, e no nome das catro fillas menores así como da maior, xa casada con José Gorín, outro oleiro (Véxase Os Gorín) que tamén vende a súa parte. Os varóns, os dous Marcial, non son citados na venta e quizá morreron de nenos ao igual que Ventura Magdalena. En 1866, con 50 anos, o viúvo Antonio vive coas fillas solteiras M.^a Antonia, Francisca e Severina.

En 1847 chega de Buño **Manuel Pereira Añón**, alfareiro de 22 anos, fillo do tamén alfareiro Tomás Pereira e de María Añón. Ao ano seguinte casa con Francisca Juana Salorio, de Ouces, de 19 anos. A parella vive na Magdalena, onde lle van necendo os fillos: Antonio María (1849), Jesús (1851), Estrella María (1855) Pereira Salorio. En 1857 xa enviudara e vivía co fillo maior (os outros dous máis pequenos quizá estiveran coa familia da nai) en compañía dun labrador, tamén viúvo, e dúas mozas solteiras, filla unha e a outra parente. Pese a que o labrador Manuel Suárez é quen figura como cabeza de familia, a cédula de inscrición está asinada polo alfareiro Manuel Pereira, sendo un dos poucos que sabían facelo nese momento. En 1866 vive cos fillos Antonio, de 17 anos, e Estrella, de 10 anos. Mais Antonio non continúa o oficio paterno pois figura como xornaleiro.

En 1866 outro **Manuel Pereira Añón**, coincidente no nome e apelidos, de 26 anos, cacharreiro, nado en Buño, reside na Magdalena coa muller, María Pereira Casal, quizá parenta, nada na freguesía de Viñas, de vinte e catro anos, e cunha filla, María Pereira Pereira, de 2 meses. El é fillo de Manuel Pereira e de María Añón Ceán, ambos de Buño. Ela, de Francisco Pereira e Bernarda Casal. Con eles está empadroada Andrea Pereira Casal, irmá da esposa, de 18 anos, xornaleira.

Juan Antonio Pereira Mourón alfareiro nado en Buño arredor de 1826, fillo de Francisco Pereira e Josefa Mourón, de Buño os dous. Chega a Betanzos con 3 anos e casa aquí aos 22 con Francisca Carro Barbeito, de Viñas, e segundo outros documentos de San Tirso de Abegondo, quizá as parroquias do pai e da nai. Tiveron moitos fillos: José María (1848), Josefa Petra María (1850), Marcelino (1852), Dolores Lucía (1858), María Manuela (1861, morre de nena), Jesús (1862, quizá morreu de neno) e Ángel (1865) e Manuel (1866) Pereira Carro.

En 1866 vivían con sete fillos, entre os 18 anos e os 6 meses. A muller aparece agora con 36 anos, como natural de Betanzos, de oficio «Pordiosera» e cos apelidos Barbeito Barbeito, o que pode ser un erro do escribano. Por ese tempo hai outros cinco «pordioseros» na Magdalena: dous homes casados e dúas mulleres viúvas e unha casada.

O fillo maior, **José Pereira Carro**, que ten dezasete anos nese momento, figura como «cacharero» de oficio ao igual ca o pai, mais non volvemos a saber del, polo que puido abandonar o oficio despois.

Outro Pereira, **Manuel Pereira Ceán**, fillo de Manuel Pereira e María Ceán, de Buño, casa aquí con María Pereira Casal, quizá curmá ou parenta, filla do primeiro Pereira citado e de Bernarda Casal. En 1865 nácelles un fillo, Ángel Pereira Pereira.

Outro irmán deste, **Francisco Pereira Ceán**, nado en Buño en 1847, casado con María Castro Castelos, figura como alfareiro no censo de 1889, aveciñado na casa n.º 25.

Fóra do barrio da Magdalena, nace na rúa 1a de Noas en 1869 Antonia Pereira, filla de Antonio Pereira, labrador natural de Buño e de Manuela Carro. Os pais del son Ignacio Pereira e María Ceán, de Buño os dous. Posteriormente o matrimonio Pereira Carro debeu vivir na Magdalena, pois á morte de Manuela, en 1907, *La Aspiración* (11-08-1907) daba a noticia de ter falecido no barrio da Magdalena a veciña do mesmo Manuela Carro, «tratanta en alfarería».

Un fillo máis novo dos primeiros, **Gustavo Pereira Carro**, con 21 anos en 1904 (nacería en 1883), era alfareiro de profesión, e estaba procesado nese ano por agresións a Nicolás Velón Salorio (Véxase os Velón), que tamén era alfareiro e veciño, segundo requerimento que fai o xuíz de instrución de Betanzos.

OS POSE ou POSSE

O primeiro Pose alfareiro coñecido, **José Pose de la Fuente**, chegou á Magdalena en 1833 ou pouco despois. Nacera en Buño, arredor de 1811, fillo de Francisco Pose, de Buño, e de Josefa de la Fuente, de Leiloio, freguesía veciña da buñense. O pai figura como labrador.

En 1841, con trinta anos, casa con Josefa Barallobre, de San Pedro das Viñas. O matrimonio vive no barrio da Magdalena. Alí nácenlle varios fillos: Antonia (1843), Bernarda (1845, morre con vinte meses), Valentín (1848), Pedro (1856), Manuel (1858). Na acta da voda de José pon que os seus pais son de Buño, mentres que na do nacemento da primeira filla dise que a natureza do avó paterno se ignora e que a avoa paterna é de Leiloio.

En 1866 a filla maior **Antonia Pose Barallobre**, solteira, de 22 anos, figura como «cacharrera» –xa figuraba con 18 anos en 1862–, probablemente axudada polo irmán Valentín (ou así parece indicar o «id.» colocada debaixo da profesión dela), mentres que o pai, José Pose Fuentes (en lugar de de la Fuente), que consta erroneamente con 42 anos, figura agora como «Pordiosero» no apartado do «modo de vivir», que podía ser o mesmo da esposa Josefa Barallobre Díaz, quizá por non poder traballar xa no oficio. A familia aparece agora completada con outros dous fillos, Pedro (de 9 anos) e Manuel (de 7 anos).

Outra Pose alfareira, aínda que non podemos concretar que grao de parentesco garda con esta, é **Teresa Pose Fuentes** que figura, de xeito efémero, no gremio de cacharreiros por 1867 (AMB, c. 1743).

Valentín Pose Barallobre casou con Francisca Carro, de Cuiña. Fillos deles son María Manuela (en 1870) e Julio Pose Carro. Mais Valentín non debeu herder a profesión do pai, pois figura como labrador nos documentos oficiais, a non ser nun apontamento a lapis arredor de 1910, corrixindo o padrón anterior e co erro de Ballobre por Barallobre, onde figura como alfareiro, con 62 anos, e casado (aínda que non figura a muller) vivindo na casa n.º 25 da Magdalena.

Julio Pose Carro, fillo de Valentín e Francisca, aparece empadronado nesta casa en 1910 (apontamento a lapis no de 1905), como alfareiro de profesión. Ten 37 anos e está viúvo dunha Salorio. Vive con cinco fillos: Consuelo (15 anos), Julia (14 anos), Manuel (10 anos), Emilio (9 anos) e Antonio (1 ano). É posible que a muller falecese a consecuencia deste último parto.

Pedro Pose Barallobre, irmán de Valentín, figura como alfareiro por 1901, cando ten xa 40 anos.

Outro Pose alfareiro é **José Pose López** que chega de Buño a mediados do século XIX. É fillo de José Pose, de Buño, e de Polonia López, de Razo (Carballo). Casou con Manuela Veira Ribas, de Betanzos, que era filla do alfareiro Juan Antonio Veira. Coñecemos os nomes de catro fillos do matrimonio: Jesualdo Baptista Rosendo (1851), Pilara (1856), e Juan (1859) Pose Veira.



Imaxe 21. Foto do autor, XTR, 2023. Vivendas na Condomiña con planta e tipoloxía das antigas casetas da orde dos Lazarados, que foron habitadas por oleiros e outras familias humildes.

OS VARELA

Arredor de 1840 atopamos na Magdalena o alfareiro **Manuel Varela Fuentes**, natural de Buño, casado con Antonia Varela, filla de moza solteira de Santa María de Leiloio, parroquia lindante con Buño. O pai del era de Leiloio e a nai de Xornes. O matrimonio vive na parroquia de San Pedro das Viñas «y lugar de la Magdalena». Xa traían algúns fillos nados en Buño: Sista (1838) e Ramona (1840). Aquí nacen Antonio (1841), Francisco Antonio (1843), Bernarda (1845, morre aos 6 anos), María Antonia (1847), Generosa (1850) e Bernarda (1854). Sista terá en 1860 unha filla natural, Ramona Varela, e aparece en 1866 encabezando a familia, pois Manuel Varela e a esposa quizá faleceran e xa non aparecen, acompañada dos irmáns solteiros Francisco, María Antonia, Generosa e Bernarda que aparecen agora como Varela Añón en lugar de Varela Varela, máis sen dúbida son os mesmos.

Noutros documentos Manuel Varela aparece co segundo apelido de la Fuente en lugar de Fuentes, que nos parece máis probábel, por haber máis casos nos que aparece o de la Fuente en nativos de Buño, que sería unha castellanización de da Fonte.

Antonio Varela Varela, fillo maior do anterior, do que herda o oficio, nado en Betanzos en 1841. En 1866 está casado con Gabriela da Pena, tecedora, da parroquia de Tiobre. El con 24 e ela con 30 anos. Teñen un fillo de 1 ano, Ramón. Logo nacerán outros: Manuel (1866), María Isabel (1867), Lisardo.

Corenta anos despois, en 1905, xa viúvo, con 64 anos, reside na casa n.º 40 da Magdalena en compañía de **Lisardo Varela da Pena**, (que figura por erro nado en 1854, cando debe ser posterior a 1867), tamén alfareiro e solteiro. Este Lisardo aparece tachado posteriormente, quizáis por cambiar de domicilio ou independizarse. Mentres que na mesma casa engadirase a anotación da súa irmá, Isabel Varela Pena, do seu marido Ramón Seoane Hermo, zapateiro de Noia, e os cinco fillos deste matrimonio, entre os 14 e os 3 anos.

Francisco Varela Varela, outro fillo de Manuel, nado en Betanzos en 1843, alfareiro, vive en 1905 na casa n.º 48 da Magdalena, casado coa tamén betanceira Andrea Pereiro Casal, dous anos máis nova, convivindo con eles os fillos solteiros **Baldomero Varela Pereiro** (nado en 1880), que tamén é alfareiro, e Marcelino Varela Pereiro (nado en 1882), do que non consta profesión. Ambos aparecen tachados posteriormente, indicando un apontamento posterior a lapis que Marcelino está en Bos Aires dende 1906. Tamén a lapis figura a engádega doutro fillo, Ángel Varela Pereiro, do que tampouco consta profesión. Tamén semella fillo **Manuel Varela Pereiro**, que por 1901, con 35 anos, exercía de alfareiro.

Outra ponla dos Varela é **Manuel Varela Castro**, alfareiro de Santa María de Leiloio, nado arredor de 1814, fillo de Bernardo Varela, de Leiloio, e Bernarda de Castro, de San Xoán de Xornes, as dúas freguesías lindantes coa de Buño. En 1858, aos 44 anos, xa viúvo, casa con Antonia Carro, de Santa María de Cuiña (noutro documento figura Santa María de Ois), de corenta e dous anos, solteira. Viven na rúa de San Francisco. Mais xa o ano anterior ao casamento, en 1857, morren con dous meses os bebés Francisco e Manuela de la Esclavitud, fillos de Manuel Varela, de Leiloio, e de Antonia Carro, de Santa María de Ois, falecidos no domicilio da rúa San Francisco no que xa cohabitaba a parella antes do matrimonio. Da etapa anterior ás segundas nupcias, Manuel non apareceu documentado.

OS VELÓN OU BELÓN

Esta familia aparece a veces nos documentos como Belón, imponéndose finalmente Velón. Trátase dunha familia alfareira que non ten nada que ver con Buño, xa que proceden das terras do Bierzo, mais vaise instalar na Magdalena a carón doutros oleiros buñeses practicando o oficio logo duns inicios noutras profesións.

Andrés Belón (ou Velón) López, natural de San Nicolás de Vilafranca, en terras de León, onde nacera en 1807, aséntase en Betanzos en 1827 con 20 anos.

Casa con María Núñez Castro, de «S. Salvador de Bregondo» e viven na Magdalena. Aínda que no padrón de 1839 figura como xornaleiro, e no de 1841 como barbeiro, máis adiante aparece rexentando un obradoiro alfareiro con forno e coa profesión de alfareiro aparece no padrón elaborado no mesmo ano da súa morte. Andrés e María (quen figura como María do Campo no padrón de 1841) tiveron varios fillos, dos que coñecemos os seguintes: Alejandro (1825), Laureano (1835), Francisca (1841, morre aos dez anos), Petra (1844) e Josefá (1845). É posible que entre Alejandro e Laureano houbera outros fillos no lapso de dez anos. Os fillos varóns maiores seguiron o oficio do pai, aínda que o maior, **Alejandro**, morre de mozo en 1844 con 19 anos.

Andrés Velón morre aos 44 anos en 1851. Na acta de defunción, aínda que consta que é de Vilafranca do Bierzo (Vierzo no documento) di que se ignoran os pais e a orixe. Nese mesmo ano morría tamén a súa filla Francisca con dez anos.

A súa viúva, **María Núñez Castro**, que nalgún documento figura como “alfarera”, ao enviuar voltou casar con Gregorio Naveira Seoane, quen en 1861 aparece fugazmente como cotizante por unha fábrica ou obradoiro de «vasigería y cacharrería con horno», quizá a mesma da familia Velón. Probablemente a profesión de María xurde cando de viúva se pon ao fronte do obradoiro, mentres o seu fillo Laureano aínda é menor. De feito, na matrícula do subsidio industrial do ano 1855 aparecen «Antº Pereira y la viuda de Andrés Belón» por «Idem [fábrica] de Basigería y cacharrería con un horno»

(AMB, 1742). No padrón de 1866, María Núñez, xa viúva, figura con Esparís de segundo apelido, de profesión «cacharrera». A continuación aparece, probablemente na mesma casa, o fillo Laureano, de trinta e dous anos, coa muller e unha filla. Ao ano seguinte, 1867, María Núñez de Naveira (casada de segundas con Gregorio Naveira) segue figurando como rexente de un forno de cacharraría na contribución de comercio e industria.

Laureano Velón Núñez, que tiña apenas dez anos cando morreu o seu irmán maior e dezaseis cando morre seu pai, continuou co forno deste (logo rexentado pola nai durante a súa minoría de idade) e co oficio. En 1860, Laureano, con 25 anos, casa con Benita Salorio Pardo, da parroquia bergondesa de Ouces, de 24 anos. Tiveron varios fillos: Josefa (1861), as xemelgas Felipa e María Manuela (1864), Carmen (1866) e Nicolás (1868) Velón Salorio.

En 1889, cando Laureano xa ten uns cincoenta e catro anos, aparece no censo como «bracero», mentres que o seu xenro, **Ramón Criado Dobal**, de 24 anos, home da súa filla Carmen, figura como alfareiro na casa n.º 24 da Magdalena. Este, que era fillo dun zapateiro, e seguramente aprendería o oficio co sogro, morrerá novo, con trinta e poucos anos. Carmen Velón dedicárase, xa viúva, á venda de cacharros nun local a carón da Pescadaría, dende a década de 1920 á de 1940.

Porén, Laureano voltará a aparecer como alfareiro e propietario dun forno. Así, no padrón de 1905 o matrimonio Laureano (este como «alfarero» de profesión) e Benita viven na citada casa acompañados unicamente dunha filla solteira de 39 anos, polo que a filla Carmen debeu mudar de morada para o número 52 da Magdalena, onde esta vivía, xa viúva, cos fillos por 1920. Carmen aparece empadroada cos fillos Eugenio (nado en 1895), María Teresa (1900) Criado Velón, e Emilio Belón Salorio (1904), este como fillo natural «en su estado de viudez». Eugenio estaba ausente en Bos Aires «pasa de 8 años», época na que tamén emigrou o seu tío alfareiro Nicolás coa súa familia. O apelido Belón de nai e fillos maiores aparece corrixido con V, non así o do último que aparece con B no mesmo documento. No citado padrón de 1905 consta o ano de nacemento de Laureano como 1827 e o de Benita 1829, que non concorda cos datos doutros padróns.

Tamén o fillo **Nicolás Velón Salorio** aparece na mesma casa coa profesión de alfareiro, xunto coa súa muller Fermina Marey Montero (máis adiante figura López de segundo) e os fillos Consuelo (nada en 1895), Josefa (1895), Carmen (1897), Plácido (1898), Antonia (1900) e Magdalena (1905). No padrón de 1910 pasan a residir no número 19 da rúa do Valdoncel. Para daquela contaba corenta anos, dous menos a muller, e tiñan con eles seis fillos: Josefa (15 anos), Carmen (13), Plácido (11), Antonia (9), José (5) e Nicolás (dez meses). Xa non figuran Consuelo, quizáis traballando fóra da casa, nin Magdalena, que quizáis morreu ao pouco de nacer. Deberon emigrar pouco despois xa que a familia completa aparece tachada e engadido a lapis: «ausentes en Buenos Aires». Coa muda dos Velón Marey ao Valdoncel, pasarían a residir na citada casa do número 24 Josefa Velón Salorio, irmá de Nicolás, o seu esposo Carlos García Agra cos fillos Manuela, Josefa e Carlos García Velón.

Laureano Velón Núñez e o seu fillo Nicolás eran bisavó e tío avó, respectivamente, por costela materna do músico compositor Carlos López García-Picos, que naceu na citada casa (que logo tivo o número 22) da Magdalena en 1922, ao igual que os seus irmáns. Un irmán deste, Ricardo López García, residente en Buenos Aires, a onde marchou toda a familia despois da guerra civil, en conversa telefónica mantida o 4 de abril de 2008, falounos deste bisavó alfareiro, que segundo el morreu de 103 anos (cousa que non

puidemos constatar) e no seu obradoiro daba traballo a unha ducia de oleiros, entre eles algúns Mouróns. Carlos, sen embargo, co que sostivemos moitas conversas –algunhas publicadas na revista *A Xanela* (Torres, 2010)– dende o seu retorno a Betanzos, nunca nos falou deste bisavó nin do seu obradoiro alfareiro.

V. Un intento de recuperación da olaría na Magdalena

A finais de 1979, o recién constituído grupo Untia, logo denominado Seminario de Estudos Mariñáns, contacta con Julio Mourón García coa finalidade de intentar recuperar a antiga cerámica, da que a súa familia, procedente de Buño e asentada na Magdalena por cinco xeracións, fora excelsa representante. Julio levaba 28 anos sen traballar o barro. Dende 1950, aproximadamente. No 1978 estivera traballando dous días no Museo do Pobo Galego, en Santiago, impartindo un obradoiro de cerámica para escolares, seguramente contactado polo estudoso da alfarería galega Luciano García Alén. Nunha entrevista con F. J. Castiñeira (1983: 183-84) Julio fala das orixes familiares e dos seus inicios:

Meu tatarabó xa era alfareiro, e despois del seguiron tódolos seus descendentes. A miña familia adicouse a esta faceta desde o último tercio do século XVIII, sempre pola liña paterna. Eu aprendín en Buño, o mesmo que meus antepasados, que eran naturais daló, fora de meu pai que naceu en Betanzos.

En realidade, o seu avó José Mourón García xa nacera en Betanzos en 1877; en Buño naceran seu bisavó Manuel Mourón Pereira e o tataravó Antonio Mourón Añón. Tataraneto, pois, dun Mourón que chegou de Buño coa familia arredor de 1857, aínda que non o primeiro documentado, xa que este fora Juan Mourón, citado xa en 1828.

E nunha entrevista que lle fai unha súa neta, Susana Mourón Barral, para unha publicación escolar do Colexio Vales Villamarín con motivo do Día das Letras Galegas de 1985, entre outras cuestións técnicas, Julio concreta que comezou a aprender o oficio en Buño aos 11 anos e que o seu mestre fora Xesús Añón, «moi coñecido en Buño».

Julio vai aceptar o ofrecemento do grupo Untia coa condición de que lle puxesen os medios, e así reconstrúese un obradoiro tradicional e un forno nos que o derradeiro Mourón oleiro volta a confeccionar pezas tradicionais na Magdalena. Na mencionada entrevista con Castiñeira (1983), á pregunta «–¿Por qué volve a traballar neste despois de tanto tempo?», Julio Mourón responde: «–O fago para o Museo das Mariñas de Betanzos. Hai que repoñer as pezas que desapareceron. Unha vez feita esta laboura o deixarei.»



Imaxe 22. Foto Estud. Blanco, Anuario Brigantino, 1983. Julio Mourón no seu obradoiro con varias pezas realizadas.

Con motivo deste proceso de recuperación, o traballo de Julio Mourón vai dar lugar a unha serie de mostras entre os anos 1985 e 1987. E asemade, o grupo Untia realizou un audiovisual sobre este proceso, como informou no seu boletín *Untia* (1986: 186) nun relato das actividades do ano 1986: «Alfarería betanceira hoxe.- Audiovisual realizado nos talleres de Xulio Mourón, que contén todo o proceso de elaboración das pezas de barro, desde o seu moldeado ata a cocedura fina con barnices. Nestas datas está pendente de ser rematado.»

No mesmo boletín *Untia* (1986: 192) informouse das primeiras mostras no apartado de actividades:



Coa montaxe do obradoiro completo de alfarería nos talleres de Xulio Mourón, fíxose posible a montaxe do “Primeiro Posto de Alfarería de Betanzos” –recuperada polo S.E.M.– no adro da igrexa de Santo Domingo durante a feira do 16 de agosto de 1985, día grande das festas de San Roque. Contamos para isto co oportuno permiso por parte da Parroquia de Santiago –propietaria do adro– e da Comisión de Festas, acadando un grande éxito a nivel de público e vendas.

Montouse asimesmo do 27 ó 31 de marzo deste ano, e cadrando coas festas da Magdalena-86, a “II Mostra de Alfarería Brigantina, homenaxe ós oleiros de Betanzos” nos talleres de Xulio Mourón; sendo este último o principal impulsor desta segunda exposición, que acadou tamén moito éxito de público.»

Imaxe 23. Anuario Brigantino, 1982. Forno recién construído na casa de Julio Mourón na Magdalena.

Outra mostra máis ten lugar no interior do antigo Hospital de San Antón (actualmente sede dos xulgados) en abril de 1987, durante a II Festa do Viño de Betanzos, como recollía o derradeiro boletín *Untia* (1987: 197):

No transcurso dos días 4 e 5 de abril de 1987 tivo lugar en Betanzos a celebración da II FESTA DO VIÑO DE BETANZOS. Paralelamente, e como un aspecto máis desta festa, montouse no patio interior do Hospital de San Antonio a Mostra de Artesanía. O Seminario de Estudos Mariñáns colaborou nesta mostra cun stand de alfarería de Betanzos, cubrindo non soamente o aspecto de mostrar pezas xa elaboradas, senón tamén todo o proceso de elaboración. Contou para poder levar todo isto adiante coa colaboración de Xulio Mourón, quen realizou continuamente pezas, á vista do público, co seu torno.

Durante todo o tempo de celebración da mostra, proxectouse asimesmo nun monitor e en sesión continua, o vídeo sobre alfarería de Betanzos elaborado por D. Antonio Río López. A viveza da mostra, e a gran cantidade de información visual nela contida, despertaron unha expectación constante por parte do público asistente.

Porén é de lamentar que este intento de recuperación da olaría da Magdalena non tivese continuidade e non se acadase o obxectivo do «ensino desta artesanía a xente nova co fin de continuar a tradición», como apuntaba o colectivo Untia na súa publicación. Como tamén é de lamentar que este barrio con raiceiras medievais (ou, cando menos, do século XVI) carecese dunha protección que evitase unha urbanización pouco respetuosa co medio, consentise a destrución dos restos históricos da arquitectura industrial e permitise a degradación e ruína do rueiro antigo, especialmente visible nas vivendas da costa da Condomiña, herdeiras das antigas casetas dos lazarados. Como apuntou García Otero (2005) nesta mesma publicación, e compartimos: «El barrio de la Magdalena de Betanzos es un ejemplo claro de lo que nunca hay que hacer con la memoria de los pueblos y con la arquitectura popular».¹²



Imaxe 24. Foto do autor, XTR, 2023. Edificio do antigo lagar da Orde dos Lazarados.

NOTAS

¹ O termo latino Condominia, plural de condominium, faría referencia a terreos compartidos entre dous antigos donos ou posuídores; para outros autores como Moralejo (1981: 32) sería igual ao termo latino condoma e significaría casa co seu corral e dependencias e derivaba de domus. Nun documento do ano 1020 fábase da condomiña de Illobre, esta sen dúbida: «et inde ad illam lamellam de illa condominia de iloure» (López Ferreiro, 1899, ap.1, 215).

² Na páxina do Arquivo dixital de Galicia pódese ver un oficio do «Aiuntam.to Constitucional de Buño» á Deputación provincial da Coruña datado a 2 de maio de 1823. <https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?control=ADGD20170505198> (consulta 14-12-2022)

³ «De Folk-lore. Cantares populares de Galicia», en *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 58, A Coruña, 1912. Nunha nota dise: «Hemos oído estos cantares á Dolores Cancela Pérez, joven labradora de la parroquia de Buño, Ayuntamiento de Malpica, Partido de Carballo (Bergantiños)».

⁴ Segundo a acta de notificación e embargo de bens, levantada o 14 de xuño de 1859 na freguesía de San Pedro das Viñas, José Añón manifestou no seu domicilio

«que no puede cumplir con lo que se hace saber por cuanto a consecuencia de su absoluta pobreza no hizo el pago de la cuota y multa por que se le comprende en el despacho que se le intima: En vista de lo cual Yo el referido Comisionado con el citado auxilio reconocí la motibada casa del Añón en la que hallé los efectos siguientes= Dos banquitos pequeños de sentarse madera de pino su valor dos rs. = una artesa vieja madera de id. su valor cuatro rs. = una arquita pequeña madera id. sin pecho no llabe y bieja en tres rs. = Seis jarros

de barro ordinario nuebos = Docena y m.a de tazas yd. – una docena de platos de id. = cuatro ollas id. = tres pucheros y cuatro cazuelas = todo de barro ordinario y valorado en ocho r^s. = fueron los unicos muebles y efectos que se hallaron en la referida casa y en los cuales puse secuestro y embargo depositandolos en poder del mismo celador que se obligo a dar cuenta de ellos cada y cuando le sean mandado para lo cual le franqueo el oportuno testimonio. Interrogado el dicho ausilio por mi el comisionado en razon de si conocian o sabian si el Añon [intercalado “tenía”] algunos otros muebles, raices u otra clase de fincas, como contestasen que no y que su subsistencia y la de su familia pendia de lo que ganaba por el oficio de alfarero, di por [ter]minada esta diligencia que firmo con el motibado ausilio de que Certifico= entre lin.s- tenía=v.a#

Asinan Francisco Casado i Diaz, celador en funcións de alcalde pedáneo, os veciños Antonio Mourón, Miguel da Fraga, Martin Cabeiro e o comisionado José Vázquez.

E, pola súa parte, como Manuel Varela manifestase na acta que se lle levantou

que no hiciera el pago de la cuota recargos y multa por carecer de metalico y vienes de fortuna procedimos al secuestro de los vienes y efectos que se hallaron en dicha casa y son los siguientes= una arquita pequena con pecho y llabe bieja madera castaño balorada en seis r.^s= un banquito de ventana pequeno en un real= treinta piezas de barro ordinario entre ollas, pucheros, jarros, cazuelas valorado en seis r.s.= en cuyos muebles y efectos que fueron los unicos que se encontraron puse secuestro y deposité en poder del celador que se constituyó dar cuenta de ellos, manifestando al mismo tiempo carecer de ningunos otros, al igual que de raices, Asegurando por separado el mismo y hombres que corroboraron lo expuesto por el celador que la subsistencia del Varela su mujer e hijos pende unicamente de lo que gana por el oficio de alfarero a que se dedica con lo cual doy por concluida esta diligencia que firmo con el ausilio de que Certifico. [Asinan os mesmos da acta anterior]. (AMB, c. 1709).

⁵ As outras son as de Juan Pedro Lissarrague Etchard, no Carregal; a de Bautista Mendibur Etchevestre, en Caraña de Abaixo, e a de Salvador Montoto Varela, en Touriño de Abaixo. As de Etcheverría, natural de «Bonloc de Francia», e Lissarrague, tamén natural de Franza, figuran xa no padrón de 1866, residindo as familias dos propietarios no mesmo barrio da Magdalena.

⁶ *Anuario-almanaque del comercio, de la industria, de la magistratura y de la administración*. En 1881 reduce o seu título, eliminando a palabra almanaque. Consultáronse (marzo 2021) os de 1879 e 1880 do primeiro título e os de 1881 a 1911 do segundo, en <http://hemerotecadigital.bne.es/index.vm>

⁷ Damos a numeración das casas, cando a coñecemos, a título orientativo, pois a numeración foi cambiando: nos primeiros padróns non se rexistra, logo aparece en conxunto para a Magdalena –aínda que algunhas casas non teñen número-, logo diferénciase entre Magdalena e Condomiña, actualmente –e aparte de ter desaparecido moitas casas coa ampliación da estrada e edificarse outras novas– diferénciase entre Avenida da Coruña para o tramo da estrada xeral, praza da Magdalena e Condomiña.

⁸ En 1848 o «Gremio de fabricantes de teja» formábase Andrés Vaamonde, D.n Benito Menacho, Francisco Miramontes e consortes e Ramón Sobrino. En 1861 había tres rexentadas por Benito Menacho (de Lugo), Francisco Salorio e consorte de Cortiñán (que pertence a Silvestre Bugueiro) e Ángel Seijo e consorte (que pertence a Antonio Babío). En 1878 os rexentes das tres eran Ramón Sobrino, José Vázquez e consortes e Andrés Vaamonde e consortes. Datos extraídos das matriculas de subsidio industrial e expedentes de contribución municipal.

⁹ *El Censor, periódico semanal de intereses materiales, noticias y anuncios*, nº 7, 15 de decembro de 1883. AMB, hemeroteca.

¹⁰ AMB. Caixa 1691. “Relación de las industrias, mecánicas, químicas o eléctricas que existen en este término municipal, con expresión de los nombres de sus dueños, gerentes ó encargados y el domicilio de los mismos”.

¹¹ AMB. Caixa 272. Padrón habitantes 1924. O último número das casas da Magdalena neste censo é o nº 64.

¹² Sinala o autor nese traballo catro transformacións importantes do barrio: a desamortización e paso da propiedade eclesiástica a mans privadas, a industrialización, o éxodo migratorio a América do Sul a partir da guerra civil e a emigración a Europa a partir dos 50. Quizá habería que engadir outra entre estas dúas últimas: a ampliación da estrada, que deu lugar á desaparición dun bo número de casas e a marcha de varias familias do barrio.

Imaxe 25. Foto do autor, XTR, 2023.
Betanzos ao fondo dende o solar
que ocuparon casas xa
derruídas na Condomiña.



BIBLIOGRAFÍA

Sobre o barrio betanceiro da Magdalena:

- ARCAZ BARRAL, Ángel (2018): “O arquivo fotográfico da Magdalena e da Condomiña: memoria visual dos arrabaldes”. *Anuario Brigantino*, n.º 15, pp. 295-296. Excmo. Concello de Betanzos.
- ARES FARALDO, Manuel (1983): “Apuntes sobre el Barrio de la Magdalena hace dos siglos”. *Anuario Brigantino*, n.º 6, pp. 39-42. Excmo. Concello de Betanzos.
- ARES FARALDO, Manuel (1986): “Item más sobre el Barrio de la Magdalena”. *Anuario Brigantino*, n.º 9, pp. 39-42. Excmo. Concello de Betanzos.
- CARRO OTEO, José, FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos, GARCÍA CORTÉS, Rosalía (1987): “Reedificación, en 1798, de la capilla del antiguo «Hospital de Lazarados», extramuros de la ciudad de Betanzos”. *Anuario Brigantino*, n.º 10, pp. 51-70. Excmo. Concello de Betanzos.
- DEL HOYO, Cardenal Gerónimo (s.d., c.1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome. Porto y C^{ia}. editores, Santiago de Compostela.
- DE LA FUENTE, Vicente (2004): «Un recluso en Betanzos llamado Vicente Ferrer». *Anuario Brigantino*, n.º 10, pp. 383-392.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos e VEIGA FERREIRA, Xosé M.^a (1992): “La fiesta de la Magdalena ¿la más antigua de nuestra ciudad?”. *Anuario Brigantino*, n.º 15, pp. 295-296. Excmo. Concello de Betanzos.
- GARCÍA OTERO, J. Ma. (2005): “El barrio de la Magdalena de Betanzos: Un típico caso de incuria y especulación”. *Anuario Brigantino*, n.º 28, pp. 433-442. Excmo. Concello de Betanzos.
- MEIJIDE PARDO, Antonio (1986), “Las primeras industrias del curtido en Betanzos”, *Untia*, n.º 2, pp. 27-43. Seminario de Estudos Mariñáns, Betanzos.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (1986): “Documentos medievales (I). Los Pardo de Cela del siglo XV”. *Anuario Brigantino*, n.º 9, pp. 23-30. Excmo. Concello de Betanzos.
- PARES (Portal de archivos españoles): *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro das Viñas (Betanzos), efectuado por decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución*. Arquivo Xeral de Simancas. <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/6089152> (Consultado 21-04- 2019).
- TORRES REGUEIRO, Xesús (1992): “Cando chegou o ferrocarril: Betanzos ollado por un basco”. *Anuario Brigantino*, n.º 15, pp. 113-122. Excmo. Concello de Betanzos.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (2010): “Conversas co compositor Carlos López García. Os anos da Madalena (1922-1940)”, en *A Xanela*, revista cultural das Mariñas, n.º 30, Outono, pp. 19-23.
- VEIGA, Xosé M.a e SOBRINO, Juan (2014): Ermidas e capelas desaparecidas na comarca das Mariñas, *Anuario Brigantino* n.º 37, 2014, pp. 253-310. [266-67]
- Sobre Buño e a súa alfarería:
- ANÓNIMO (1912): “De Folk-lore. Cantares populares de Galicia”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 58, A Coruña, 1912.
- CARRÉ ALDAO, E.: “Provincia de La Coruña”, en *Geografía General del Reino de Galicia*, tomo VI, páx. 191
- FARIÑA JAMARDO, Xosé (1993): *Os Concellos galegos*. Tomo V. Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.

- GARCÍA ALÉN, Luciano (1979): *Contribución al estudio de la alfarería popular en Galicia*. Cuadernos del Seminario de estudios cerámicos de Sargadelos, n.º 32. Edición do Castro, Sada.
- GARCÍA ALÉN, Luciano (1983): *La alfarería de Galicia*. Vol. I e II. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- GARCÍA ALÉN, Luciano (1992): *O señor das olas. Crónica de viaxes e outras historias*. Biblioteca 114. El Correo Gallego. Santiago de Compostela.
- GARCÍA ALÉN, Luciano e GÓMEZ VILASÓ, X. M. (1986): *Alfarería tradicional de Buño. Carpeta de debuxos*. Deputación Provincial da Coruña.
- GARCÍA RAMOS, A (1912), Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega. páx. 180, Madrid.
- GEG (1975): “Buño, San Estebo de”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 4, p. 77.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1899): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, tomo II. Santiago de Compostela.
- MADOZ (1846): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, voz “Buño (San Esteban de)”, in tomo IV, Bar-Buz, Madrid, páx. 175.
- MORALEJO LASO, Abelardo (1981): “Notas acerca de algunos topónimos de la comarca de Betanzos”, en *Anuario Brigantino*, n.º 28, pp.32-37.
- PICADILLO (1981), *La cocina práctica*. Santiago de Compostela, 16.ª ed.
- POSE, Héctor M. e VARELA VARELA, X. M. (1998, aprox.): *Olaría de Buño*. Casa do Oleiro. Buño-Malpica. folleto sen datar.
- SCHULZ, Guillermo (1835), *Descripción geognóstica del Reino de Galicia: acompañada de un mapa petrográfico de este país*. Madrid.
- TETTAMANCY, Francisco (1900), *Apuntes para la historia comercial de La Coruña*, páx. 363, Tipografía El Noroeste de J. Fdez. García – Librería Regional de E. Carré Aldao, A Coruña.).
- VV. AA. (1999): *Forno Novo*. Deputación da Coruña. A Coruña.
- Sobre a alfarería de Betanzos:**
- ANÓNIMO (1982): “O Grupo Untia recupera a alfarería de Betanzos”. *Anuario Brigantino*, n.º 5, pp. 153-154. Excmo. Concello de Betanzos.
- CASTIÑEIRA PURRIÑOS, José-Francisco (1983): “Manuel Casanova e Julio Mourón: dous betanceiros que manteñen viva a tradición da nosa artesanía”. *Anuario Brigantino*, n.º 6, pp. 181-184. Excmo. Concello de Betanzos.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos (1997): “Medicina Social en Betanzos. 1821-1922”, *Anuario Brigantino*, n.º 20, pp. 51-86. Excmo. Concello de Betanzos.
- MOURÓN BARRAL, Susana (1985): “Entrevista a un dos últimos alfareiros da bisbarra das Mariñas”. *Día das Letras Galegas* 1985. Colexio Vales Villamarín.
- NÚÑEZ-VARELA LENDOIRO, J. R., (2004), “La alfarería de Betanzos en el siglo XVII”, en *Betanzos e a súa Comarca*, 01/12/2004, páx. 30.
- UNTIA (1986), Boletín do Seminario de Estudos Mariñáns, n.º 2, Betanzos.
- UNTIA (1987), Boletín do Seminario de Estudos Mariñáns, n.º 3, Betanzos.

Documentación empregada:

ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS (AMB)

- Padróns de habitantes de varios anos. Caixas 219, 220, 225, 251, 272, 2888 e 6422.
- Nacementos. Caixas 303, 304, 305, 306, 307, 308, 309, 310
- Matrimonios. Caixas 311 e 317.
- Defuncións. Caixas 312, 313, 314, 315 e 3356.
- Relacións de bautizados, casados e defuncións: caixas 316, 317, 318, 6151, 6152 e 6153.
- Matrícula de subsidio industrial e de comercio. Caixas 1741, 1742, 1743, 1744, 1745, 1746, 1747, 1748, 1749, 3011 e 6181.
- Expedentes de contribución industrial. Caixas 1704, 1705, 1706, 1707, 1708, 1709 e 6223.
- Arquivo da contaduría de hipotecas. Serie Libros de traslaciones de dominio: 5391, 5392, 5393, 5394, 5395 e 5396.
- Facenda. Rendas e impostos. Serie Libros rexistro fiscal de edificios e solares: Libro 1819. Viñas.
- Orde pública. Diversos oficios: caixa 1074.